



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Ano XVI

Venres, 11 de xullo de 1997

Nº 133

P.V.P. 200 ptas. (IVE incluído)

SUMARIO

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
I. DISPOSICIÓN XERAIS		III. OUTRAS DISPOSICIÓN	
PRESIDENCIA		CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	
— Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.	6.837	— Resolución conxunta do 13 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Instituto Galego de Consumo, pola que se publica a selección dos premios de carteis, debuxos e redaccións para escolares de niveis non universitarios sobre a educación do consumidor, en conmemoración do Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.	6.859
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA		CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	
— Decreto 179/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a coordinación nos edificios administrativos da Xunta de Galicia.	6.856	— Resolución do 23 de xuño de 1997, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 01/0001128/1997, interposto por José Manuel Viqueira Tojo e outros.	6.860
II. AUTORIDADES E PERSOAL		ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	
a) CESAMENTOS:		— Resolución do 2 de xullo de 1997 pola que se convocan unhas xornadas sobre a responsabilidade patrimonial das administracións públicas.	6.860
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA			
— Decreto 180/1997, do 10 de xullo, polo que se dispón que cese José Ángel Veiga Abeledo como director xeral de Organización e Sistemas Informáticos.	6.858		
b) NOMEAMENTOS:			
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA			
— Decreto 181/1997, do 10 de xullo, polo que se nomea director xeral de Organización e Sistemas Informáticos a José María Matías Fernández.	6.859		

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Resolución do 23 de xuño de 1997 pola que se nomea titular de escola universitaria da área de coñecemento de ecología, do departamento de Bioloxía Fundamental, a Carlos Real Rodríguez. (Praza 1420/1996). 6.861

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO CINCO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Edicto de poxa (365/1994). 6.862

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Resolución do 25 de xuño de 1997, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa no alugueiro dun inmovible sito na avenida de Lugo, 20 baixo, de Cargas do Morrazo, para situar dependencias da Comunidade Autónoma. 6.862
- Resolución do 26 de xuño de 1997, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa no alugueiro de dous chalés na cidade de Lugo, para a realización de prestacións competencia da Comunidade Autónoma. 6.863
- Cédula do 9 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican comprobacións de valores e liquidacións dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativos ós contribuíntes que se citan (Álvarez Fernández, Manuel e dezasete máis). 6.863
- Cédula do 9 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativo ós contribuíntes que se citan (Echegaray Rodríguez, José Ramón e dous máis). 6.864

Páxs.

- Cédula do 16 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se lles notifica ás persoas que se citan que deberán achega-la documentación requirida polo Servicio de Inspección Tributaria para remata-la tramitación dos expedientes de referencia (Augusta Dias, Alexandrina e cinco máis). 6.865
- Cédula do 16 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativas ós contribuíntes que se citan (Alonso Fernández, Eva M^a e trinta máis). 6.866
- Cédula do 18 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativas ós contribuíntes que se citan (Suárez Montes, Ángel e dous máis). 6.867
- Cédula do 18 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativa a contribuínte Zarauza Ozores, Ana M^a Mercedes. 6.868

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

- Resolución do 7 de xullo de 1997 pola que se anuncia, trámite de urxencia, a licitación da poxa, polo procedemento aberto, das obras de clave CD/OU/97.3, SV/PO/97.2. 6.868
- Cédula do 10 de xuño de 1997, da Delegación Provincial de Pontevedra, de notificación de propostas de resolución de contratos dos procedementos administrativos de desafiuzamento que se seguen nos expedientes de regularización de situación de ocupantes de vivendas de protección oficial de promoción pública PO-23/96 e outro máis. 6.869
- Cédula do 19 de xuño de 1997, do Servicio Provincial de Transportes de Ourense, pola que se notifican as resolucións recaídas nos expedientes sancionadores incoados por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente OR-00233-O-97 e catro máis). 6.870

- Cédula do 20 de xuño de 1997, do Servicio Provincial de Transportes de Ourense, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente OR-00261-O-97 e tres máis). 6.871

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Resolución do 26 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se anuncia o extravío dun título de bacharelato. 6.871
- Resolución do 26 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar. 6.871

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

- Resolución do 17 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Industria, pola que se lle concede a Fondo Formación a cualificación de entidade recoñecida para impartir cursos teórico-prácticos para a obtención de carnés profesionais de instalador autorizado de gas, para categorías IG-I, IG-II e IG-IV. 6.872

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

- Resolución do 16 de xuño de 1997, da Delegación Provincial da Coruña, de notificación do acordo de iniciación do procedemento sancionador de montes 97/049MV. 6.872

CONSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL

- Corrección de erros.-Resolución do 14 de maio de 1997, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa expediente para a declaración de ben de interese cultural coa categoría de conxunto histórico a favor do núcleo antigo da vila de Castro Caldelas, provincia de Ourense. 6.873

CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

- Orde do 18 de xuño de 1997 pola que se aproba o cambio de dominio mortis-causa da batea de cultivo de mexillón denominada H.P. número 1, a favor de Jesús Rey Noya, M^a José Vázquez Sieira e Martín Rey Vázquez. 6.873
- Orde do 18 de xuño de 1997 pola que se aproba o cambio de dominio dunha batea de cultivo de mexillón denominada Sinde número 3, a favor de Vicenta Martínez Hermo. 6.873
- Orde do 19 de xuño de 1997 pola que se aproba o cambio de dominio dunha batea de cultivo de mexillón denominada Sendón número 1, a favor de Manuel Lago Mayo e Lourdes Rodríguez Fernández. 6.874
- Resolución do 25 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Celeiro-Viveiro (Lugo), pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación de consultoría e asistencia consistente no servicio de coidado, control, seguimento e información das zonas marisqueiras da costa lucense. 6.874

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

- Resolución do 6 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de modificación e os novos estatutos da *Asociación de Cocineros de la Provincia de A Coruña*, que no sucesivo, e en virtude da dita modificación, se denominará *Asociación de Cocineros y Pasteleros de Galicia*. 6.875
- Resolución do 12 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da *Asociación de la Recuperación y el Reciclado de Galicia (Arega)*. 6.875
- Resolución do 4 de xullo de 1997, da Secretaría Xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de procedemento aberto, mediante concurso público e trámite de urxencia, para a subministración e instalación de material informático para diversos órganos xudiciais na Comunidade Autónoma galega. 6.875

	<u>Páxs.</u>
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	
— Edicto do 20 de xuño de 1997 polo que se comunica inicio de expediente de incumprimento a <i>Pescados Carmina, S.L.</i> , expediente 3/94.2046.0559.N.4012, de subvención ó tipo de xuro de operacións de préstamo/crédito.	6.876
— Edicto do 20 de xuño de 1997 polo que se comunica resolución de incumprimento a Rendo Caldelas, M ^a Josefa, expediente 1/93.2091.0330.N.642441, de subvención ó tipo de xuro de operacións de préstamo/crédito.	6.878
UNIVERSIDADE DA CORUÑA	
— Resolución do 23 de xuño de 1997 pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas dos expedientes de contratación que se citan.	6.879

	<u>Páxs.</u>
b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL	
CONCELLO DA ESTRADA	
— Anuncio de contratación por poxa, procedemento aberto, das obras de reforma e acondicionamento da praza de Martínez Anido e o seu contorno.	6.879
CONCELLO DE MUGARDOS	
— Convocatoria.	6.880
CONCELLO DE OLEIROS	
— Anuncio (FG-260).	6.880
— Anuncio (FG-264).	6.880



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN
 Secretaría Xeral da
 Consellería da Presidencia
 e Administración Pública
 Edificio San Caetano
 Teléfonos 544268 – 544270
 Fax 544272 – 544273
 Santiago de Compostela
 ISSN 1.130–9229
 Depósito Legal C. 73–1982

IMPRIME
 La Voz de Galicia, S.A.
 C/. Concepción Arenal, 11–13
 A Coruña

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA

Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

Preámbulo

A caza constitúe o aproveitamento dun recurso natural renovable constituído polas poboacións das especies cinxéticas que proporciona utilidades de índole social, económica e ambiental á nosa sociedade, e a competencia exclusiva na materia vénlle atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia polo artigo 27.15 do Estatuto de autonomía.

O exercicio da caza, ligado á evolución do home sobre a terra, perdeu basicamente a finalidade de proporcionar alimentos para converterse nunha actividade de ocio nas sociedades modernas, e presenta unha perspectiva diversa e variada segundo se contemple desde a estratexia da conservación dos recursos naturais ou desde a óptica do cazador, da do titular dos dereitos cinxéticos ou da doutros colectivos que realizan un uso dos devanditos recursos.

A demanda de caza, con moita frecuencia, supera a oferta cinxética. Este desequilibrio tradúcese nun exceso de presión sobre os recursos cinxéticos en detrimento da súa conservación e provocando a diminución das poboacións cinxéticas. Se a isto lle engadímolo—los profundos cambios operados nos hábitats naturais polas formas intensivas do uso da terra, o abandono do campo, a maior eficacia das armas e medios de caza, a accesibilidade crecente ó conxunto do territorio, etc., atopámonos cunha descapitalización cinxética que a actual Lei de caza de 1970 non é capaz de resolver.

O obxecto da lei é dobre: por unha banda, tratar de conciliar e garantir que o aproveitamento cinxético realizado polos cazadores non afecte a conservación das especies de fauna silvestre patrimonio do conxunto da sociedade, mentres que, por outra banda, se trata de lograr unha mellora dos recursos cinxéticos para atende-la demanda ordenada dos cazadores.

Para iso, aténdese a tres cuestións principais:

—A dimensión dos terreos cinxéticos para garantir un marco territorial suficiente tanto para o fomento da caza coma para o seu exercicio equilibrado.

—A ordenación dos aproveitamentos cinxéticos a través dos preceptivos plans, de xeito que se garanta a persistencia do recurso cinxético.

—A vixilancia dos terreos cinxéticos e o réxime sancionador que cumpra a función de disuasión ós infractores e evite agresións ás especies cinxéticas e ós seus hábitats.

A lei establece un elenco de figuras para os terreos cinxéticos, co fin de atende-las distintas posibi-

lidades de formas de aproveitamento cinxético segundo o carácter público, societario particular, deportivo ou de mera explotación económica que os titulares dos terreos pretendan utilizar, asignándolle ó propietario ou titular dun dereito real sobre o solo a facultade de exercer directamente ou ceder a un terceiro o dereito cinxético que lle corresponde.

O marco legal vixente en materia ambiental garante a conservación das especies cinxéticas como integrantes da fauna silvestre, reforzando os preceptos desta lei.

A lei estrutúrase nun título preliminar, dez títulos máis (72 artigos), catro disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

O título preliminar recolle os principios xerais que a inspiran, así como as definicións básicas e a atribución de competencias en materia de caza.

No título I clasifícase o territorio de Galicia para efectos cinxéticos e defínense as características de cada terreo así como a titularidade. As distintas figuras de terreos responden ás diferentes formas de organización social, económica, deportiva, etc., dos titulares de dereitos de caza en función dos seus fins e obxectivos principais, garantindo a maior participación pública nun ámbito territorial para asegurar tanto o fomento dos recursos cinxéticos coma o exercicio da caza.

No título II defínense as especies susceptibles de aproveitamento cinxético e regúlase a apropiación das pezas abatidas.

No título III defínense as normas de protección, conservación e aproveitamento das especies de caza, así como a protección dos seus hábitats, os períodos hábiles de caza, as modalidades de caza e a ordenación dos aproveitamentos cinxéticos a través dos plans de ordenación que se establecen con carácter obrigatorio como un instrumento básico da xestión dos recursos cinxéticos.

No título IV establécense os requisitos para cazar: licencias e seguros, así como a necesidade de superalas—probas de aptitude que regulamentariamente se determinen para obte-la licencia de caza por primeira vez.

No título V regúlase a vixilancia da caza, así como os axentes da autoridade competentes; por iso establécense como obrigatorio un servizo de vixilancia nos terreos cinxéticos ordenados, como colaborador nas funcións de policía e custodia dos recursos naturais e como garantía do cumprimento dos fins desta lei.

No título VI establécense os órganos consultivos con funcións de asesoramento á Administración, así como os requisitos das organizacións colaboradoras dela.

No título VII regúlanse as granxas cinexéticas como produtoras de pezas de caza, así como as repoboacións cinexéticas como parte da xestión ordenada dos recursos cinexéticos.

No título VIII regúlase o réxime fiscal dos terreos cinexéticos suxeitos a un réxime especial. Como novidade recóllese a posibilidade de que regulamentariamente se establezan bonificacións nos distintos terreos cinexéticos ordenados en función do seu carácter aberto, desde o punto de vista da participación pública dos cazadores e da superficie que se dedique en cada terreo cinexético especial a vedados de caza.

No título IX defínense e tipifícanse as infraccións e establécese un réxime sancionador, actualizando o importe económico das sancións e obrigando o infractor a repoñer-la cousa alterada ó seu estado orixinal, así como a indemnizar polos danos e perdas causados.

No título X dispónse a creación do Rexistro de Infractores de Caza da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de coordina-lo seu contido co Rexistro Nacional de Infractores de Caza e Pesca.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente promulgo en nome de El-Rei a Lei de caza de Galicia.

Título preliminar

Principios xerais

Artigo 1.—Obxecto da lei.

Esta lei ten por obxecto regula-lo exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o fomento, a protección, a conservación e o ordenado aproveitamento das especies cinexéticas.

Artigo 2.—Acción de cazar.

Considérase acción de caza a exercida polo home, mediante o uso de armas, artes e outros medios autorizados, para buscar, atraer, perseguir ou acosa-los animais que se declaren como pezas de caza, co fin de darlles morte, apropiarse deles ou facilita-la súa captura por un terceiro.

Artigo 3.—Do cazador.

1.—O dereito a cazar correspóndelle a toda persoa maior de dezaseis anos que, acreditando a aptitude e os coñecementos precisos, estea en posesión da pertinente licenza de caza e cumpra os demais requisitos esixidos polas leis e as disposicións aplicables.

2.—Para cazar con armas de fogo será necesario ter acadada a maioría de idade penal ou ir acompañado por algún cazador maior de idade.

Artigo 4.—Obxecto da caza.

1.—A caza só poderá realizarse sobre as especies da fauna silvestre ou abravada declaradas como

pezas de caza, e o seu aproveitamento cinexético deberá acomodarse, en todo caso, ás normas que anualmente aprobe a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2.—O exercicio da caza regularase de xeito que quede garantida a conservación das especies cinexéticas.

Artigo 5.—Armas e medios de caza.

1.—A tenencia e o uso de armas de caza regularanse polo disposto na lexislación especial sobre armas e nesta lei.

2.—Sen prexuízo do cumprimento do disposto noutras leis especiais, para a tenencia e o uso dos medios empregados na práctica da caza, incluídos os animais domésticos, haberá que a terse ó establecido nesta lei.

3.—Para utilizar medios de caza que precisen autorización especial será necesario estar en posesión do correspondente permiso.

4.—A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá establecer normas de homologación e contraste dos medios de caza que precisen autorización especial, co obxecto de que tales medios non produzan efectos distintos dos pretendidos.

Artigo 6.—Titularidade.

Os dereitos e as obrigas establecidos nesta lei, en canto se relacionan cos terreos cinexéticos, corresponderanlles ós propietarios ou, se é o caso, ós titulares doutros dereitos reais ou persoais que leven consigo o uso e disfrute do aproveitamento da caza.

Artigo 7.—Competencia en materia de caza.

A planificación, ordenación, fomento, vixilancia e control da caza correspóndenlle á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a cal realizará cantas actuacións considere precisas para acadar-los fins desta lei.

Título I

Dos terreos para efectos da caza

Artigo 8.—Concepto.

1.—Son terreos de carácter cinexético os susceptibles de tal aproveitamento.

2.—Exclúense desta consideración todos aqueles que constitúen núcleos urbanos ou rurais, vilas, xardíns, parques destinados ó uso público, recintos deportivos, instalacións fabrís ou industriais, estradas, vías férreas, terreos cercados ou calquera outro lugar que sexa declarado non cinexético en razón das súas especiais características e no que o exercicio da caza deba estar permanentemente prohibido.

3.—Considéranse zonas de seguridade aquelas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais, co fin de garanti-la protección das persoas

e dos seus bens. Con carácter xeral prohibese nelas o exercicio da caza.

Artigo 9.—Clasificación dos terreos para efectos cinexéticos.

1.—Os terreos de carácter cinexético poden estar suxeitos a un réxime cinexético común ou especial.

2.—Os terreos suxeitos a réxime cinexético especial poden pertencer a algunha das seguintes categorías: reservas de caza; refuxios de fauna; terreos cinexeticamente ordenados (Tecor), terreos cinexético-deportivos ou explotacións cinexéticas.

3.—Os non comprendidos nalgunha das categorías relacionadas no parágrafo anterior quedarán suxeitos ó réxime cinexético común, e neles o exercicio da caza será libre, sen máis limitacións cáas contidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.

Os terreos de réxime cinexético común deberán ter como mínimo unha superficie continua de cincocentas hectáreas para poder practicarse neles a caza. De non acadaren a dita superficie, o exercicio da caza estará prohibido e terán a consideración de refuxios de fauna.

A xestión dos terreos de réxime cinexético común realizaraa a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e os seus aproveitamentos virán determinados polo que se estableza anualmente na orde de vedas.

Os terreos cinexéticos incluídos en espazos naturais protexidos perderán a súa condición e pasarán a ser refuxios de fauna, agás que a propia declaración ou o plan de ordenación dos recursos naturais correspondente indique outra cousa.

Artigo 10.—Sinalización.

1.—Os titulares dun terreo cinexético especial están obrigados a sinaliza-los seus límites, con carteis indicadores da súa condición cinexética, conforme o que se determine regulamentariamente.

Nestes terreos prohibese entrar levando armas, cans e outros medios dispostos para cazar sen estar en posesión de autorización ou permiso do titular correspondente.

2.—As zonas de seguridade que se determinen regulamentariamente, así como os refuxios de fauna enclavados dentro doutros terreos de réxime cinexético especial, deberán ser igualmente sinalizadas polos seus titulares.

Artigo 11.—Reservas de caza.

1.—Por decreto poderán ser declaradas reservas de caza aquelas áreas do territorio que, pola súa situación, condicións ambientais, vexetación, configuración física ou topográfica ou calquera outra característica, se consideren favorables para a aclimatación, reprodución, conservación, fomento e defensa de especies susceptibles de aproveitamento cinexético. A declaración de reserva de caza levará

implícita a súa inclusión no Rexistro Xeral de Espacios Naturais de Galicia.

2.—O decreto de creación precisará a composición e as funcións da dirección técnica e da xunta consultiva e o réxime organizativo da reserva.

3.—A xestión das reservas de caza correspóndelle á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o plan de ordenación cinexética incluírá a normativa específica de protección, conservación e recuperación das poboacións de determinadas especies, subordinando a esta finalidade o posible aproveitamento das especies cinexéticas dentro das reservas, e fixará o procedemento de elaboración dos plans anuais de aproveitamento.

Artigo 12.—Refuxios de fauna.

1.—Cando por razóns biolóxicas, científicas ou educativas sexa preciso asegura-la conservación de determinadas especies, a Xunta de Galicia, de oficio ou por proposta de entidades científicas ou culturais, públicas ou privadas, poderá acordar que determinadas áreas do territorio sexan declaradas como refuxios de fauna. Nestas áreas, a caza estará permanentemente prohibida, sen prexuízo de que por circunstancias especiais, suficientemente xustificadas, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes acorde a súa autorización para especies determinadas.

2.—A administración, control e vixilancia destes refuxios correspóndenlle exclusivamente á citada Consellería, se ben esta poderá subscribir convenios de colaboración con asociacións, sociedades ou entidades colaboradoras que se comprometan a cumprir-lo plan de conservación establecido, baixo a súa supervisión.

Artigo 13.—Dos terreos cinexeticamente ordenados.

1.—Denomínanse terreos cinexeticamente ordenados (Tecor) aquelas áreas do territorio galego susceptibles de aproveitamento cinexético que fosen declaradas e recoñecidas como tales por resolución da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e nas que a poboación cinexética debe estar protexida e fomentada, aproveitándose de forma ordenada.

2.—A superficie mínima e continua dos Tecor será de dúas mil hectáreas, e a duración do seu réxime especial será a do prazo de cesión de dereitos cinexéticos, que en ningún caso será menor de cinco anos, nin superará os quince anos, ó cabo dos que se extinguirá o Tecor, agás que se proceda á súa renovación, de acordo co que se dispoña regulamentariamente.

O réxime cinexético especial dos Tecor manterase, malia a perda de dereitos cinexéticos sobre determinados terreos que o integren, sempre que a superficie restante non sexa inferior á mínima sinalada no parágrafo anterior. Sen prexuízo do disposto anteriormente, calquera cambio na titularidade cinexética da totalidade ou parte dos terreos comprendidos

no Tecor deberá serlle comunicado á Administración no prazo e nas condicións previstos regulamentariamente.

Co fin de fomenta-las poboacións cinexéticas, os Tecor manterán como vedado de caza unha superficie mínima do 10% dos seus terreos. Estes vedados de caza deberán mante-los mesmos lindeiros, alomenos, durante dous anos consecutivos.

3.-Os Tecor poderán ser de titularidade pública, societaria ou particular, segundo que promovan a súa constitución as administracións públicas, as sociedades ou asociacións de cazadores legalmente constituídas, as persoas físicas ou outras xurídicas de carácter particular.

4.-A declaración dos terreos cinexéticos como Tecor leva inherente a favor dos seus titulares a reserva do dereito de caza de tódalas especies cinexéticas que se encontren nel e, consecuentemente, a titularidade dos dereitos e das obrigacións que de conformidade con esta lei deriven do dito aproveitamento cinexético.

5.-Para o exercicio da caza nos Tecor será necesario contar co permiso correspondente, expedido polo titular do aproveitamento.

6.-En todo caso, os aproveitamentos cinexéticos e as medidas de protección, conservación e fomento da riqueza cinexética regularanse a través dos correspondentes plans de ordenación e de aproveitamento cinexético, que deberán ser aprobados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Artigo 14.-Procedemento xeral de declaración dos terreos cinexeticamente ordenados.

1.-Á solicitude de declaración de Tecor deberán xuntarse os documentos acreditativos da titularidade cinexética dos terreos e a especificación da súa superficie e dos seus lindeiros, así como unha memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.

2.-O procedemento de declaración dos Tecor incluírá, en todo caso, un trámite de información pública, por un prazo de dous meses, no que os propietarios dos terreos afectados ou titulares doutros dereitos que comporten o seu aproveitamento cinexético poderán efectua-las alegacións que estimen pertinentes.

Se se manifestase a negativa á integración no Tecor de parte dos terreos afectados, e a superficie continua destes fose inferior a cincocentas hectáreas, neles non poderá practicarse a caza e terán a consideración de refuxios de fauna.

3.-En tódolos procedementos de declaración de Tecor deberá solicitarse informe do Comité Provincial de Caza correspondente ou, cando o seu ámbito territorial comprenda varias provincias, do Comité Galego de Caza.

4.-Unha vez iniciado o procedemento de declaración dos Tecor e acreditado o cumprimento do

previsto nos números 1, 2 e 3 deste artigo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes outorgará unha aprobación provisional para que no prazo máximo de catro meses se adopten as medidas que se sinalen nela. Se non se adoptasen esas medidas no citado prazo, quedará sen efecto a aprobación provisional.

5.-Durante o citado prazo non poderá realizarse ningún aproveitamento cinexético.

6.-Unha vez que se presenten os plans quinquenais de ordenación cinexética, así como o anual de aproveitamentos, que sexa sinalizado o perímetro do Tecor e que se adopten cantas medidas se sinalasen na aprobación provisional, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá declarar constituído o Tecor no prazo máximo de dous meses. Durante este prazo manterase a prohibición de realizar aproveitamentos cinexéticos.

7.-En calquera momento, aqueles titulares de dereitos cinexéticos dos que se presumise a súa cesión poderán solicita-la segregación dos seus terreos do Tecor.

8.-Vencido o prazo de cesión de dereitos cinexéticos, os titulares do Tecor poderán inicia-lo procedemento de renovación, segundo se estableza regulamentariamente.

Este procedemento deberá constar alomenos dun trámite de información pública e do informe favorable da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Artigo 15.-Terreos cinexeticamente ordenados de carácter autonómico.

1.-A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá ser titular de Tecor co fin de garanti-lo ordenado aproveitamento das especies cinexéticas e de favorece-lo acceso dos cazadores galegos á actividade cinexética.

2.-Os Tecor autonómicos constituiranse sobre terreos de titularidade cinexética da Comunidade Autónoma ou sobre terreos de aproveitamento cinexético común.

3.-A xestión dos Tecor autonómicos poderá realizala directamente a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes ou por medio de sociedades ou asociacións de cazadores ás que se lles adxudique a dita xestión polo procedemento que se estableza regulamentariamente.

Artigo 16.-Terreos cinexeticamente ordenados de carácter municipal.

1.-As corporacións locais poderán solicitar ó seu favor a declaración de Tecor sempre que acrediten documentalmente cando menos a titularidade cinexética do 75% dos terreos para os que se solicite a dita declaración e non estean sometidos a outro réxime especial.

2.-De conformidade co número 2 do artigo 14 desta lei, presumirase a cesión da titularidade do resto

da superficie solicitada, que se incluíra no Tecor en tanto os propietarios ou titulares cinexéticos dos terreos non manifesten expresamente e por escrito a súa negativa á integración no correspondente trámite de información pública.

3.—Os concellos solicitantes da declaración ó seu favor dun determinado territorio como Tecor deberán xuntar á súa solicitude:

a) A cesión de dereitos cinexéticos, asinada polos seus titulares e con especificación da superficie do terreo, e o prazo de cesión.

b) O plano de localización a escala suficiente e a especificación dos lindeiros.

c) A memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.

4.—Cando a extensión do termo municipal non abranga o mínimo de hectáreas necesario para a constitución dun Tecor, dous ou máis municipios poderán agruparse e solicitalo mancomunadamente.

5.—O aproveitamento cinexético dos Tecor municipais poderá xestionalo directamente o Concello ou ben mediante unha sociedade ou asociación de cazadores legalmente constituída, á cal se lle ceda ou adxudique a dita xestión.

6.—Esta cesión da xestión a unha sociedade ou asociación de cazadores realizarase de acordo coa lexislación de réxime local e por prazo non superior ó indicado na resolución de declaración do Tecor.

7.—Os pregos de condicións de adxudicación destas cesións deberán conter, ademais dos requisitos esixidos pola súa lexislación específica, prescricións especiais relativas a:

a) O recoñecemento do dereito que lles corresponde a tódolos propietarios de terreos susceptibles de aproveitamento cinexético, para que de acordo cos estatutos da entidade que o xestione e cos plans de ordenación cinexética en vigor poidan exercita-la caza dentro do Tecor.

b) A obriga de reservar cando menos un 15% dos permisos diarios para cazadores empadroados con veciñanza administrativa nos termos municipais incluídos no Tecor.

c) A obriga de reservar cando menos un 10% dos permisos diarios a favor de cazadores foráneos.

d) A obriga de reservar unha porcentaxe dos permisos diarios a favor dos propietarios de terreos que cedesen o seu aproveitamento cinexético a título gratuito.

8.—As ditas prescricións serán aplicables igualmente en caso de xestión directa polo Concello.

9.—A entidade que xestione o Tecor será a responsable do seu funcionamento.

Artigo 17.—Terreos cinexeticamente ordenados de carácter societario.

1.—As sociedades ou asociacións de cazadores legalmente constituídas poderán solicitar ó seu favor a declaración de Tecor sempre que acrediten documentalmente cando menos a titularidade cinexética do 75% dos terreos para os que se pretenda a declaración.

2.—De conformidade co número 2 do artigo 14 desta lei presumirase a cesión da titularidade do resto da superficie solicitada, que se incluíra no Tecor en tanto os propietarios e titulares cinexéticos dos terreos incluídos na solicitude non manifesten expresamente e por escrito a súa negativa á integración no correspondente trámite de información pública.

3.—As asociacións ou sociedades de cazadores que soliciten a declaración ó seu favor dun determinado territorio como Tecor societario deberán xuntar á súa solicitude:

a) A cesión de dereitos cinexéticos, asinada polos seus titulares e con especificación da superficie do terreo, e o prazo de cesión.

b) Os planos de localización a escala suficiente e a especificación dos lindeiros.

c) A memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.

d) A documentación acreditativa da constitución e do legal funcionamento da sociedade ou asociación.

e) A copia autenticada dos estatutos en vigor legalmente aprobados.

4.—Reservarase unha porcentaxe de permisos diarios a favor dos propietarios de terreos incluídos no Tecor que cedesen o seu aproveitamento cinexético a título gratuito, no momento da constitución do Tecor, e de acordo co que establezan os estatutos en vigor legalmente aprobados a este respecto.

Artigo 18.—Terreos cinexeticamente ordenados de carácter particular.

1.—As persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de dereitos cinexéticos dunha superficie continua mínima de dúas mil hectáreas poderán solicita-la declaración dela como Tecor de carácter particular.

2.—Deberá acreditarse documentalmente a titularidade e cesión de dereitos cinexéticos, especificando que se ceden para un Tecor de carácter particular, e o prazo de cesión para a totalidade da superficie.

3.—Na constitución dos Tecor de carácter particular non será aplicable a presunción de cesión de titularidade cinexética establecida no número 2 do artigo 14.

Artigo 19.—Extinción dos terreos cinexeticamente ordenados.

O réxime cinexético especial dos Tecor extinguirose, logo da tramitación do correspondente expediente:

a) Polo incumprimento das condicións, obrigas, limitacións ou prohibicións establecidas na autorización administrativa correspondente.

b) Pola comisión de infraccións graves ou moi graves de conformidade co número 2 do artigo 61, sempre que estas afecten as condicións impostas nas autorizacións administrativas relativas á protección e ó ordenado aproveitamento das poboacións cinexéticas e dos ecosistemas dos que forman parte.

c) Pola perda da titularidade cinexética dos terreos que integren os Tecor, cando non se reúna a superficie mínima sinalada no número 2 do artigo 13.

d) Polo transcurso do prazo de cesión dos terreos dos dereitos cinexéticos cando non se procedese á súa renovación.

Artigo 20.—Terreos cinexético—deportivos.

1.—Terán a condición de terreos cinexético—deportivos aquelas áreas do territorio nas que a caza poida practicarse de conformidade coa lexislación específica que regule as prácticas deportivas.

2.—As sociedades, asociacións ou federacións de cazadores constituídas ó amparo da lexislación do deporte poderán solicita—la declaración de terreo cinexético—deportivo, para practicar nel a caza cun exclusivo carácter deportivo, exento de calquera ánimo de lucro. En ningún caso a actividade ou os seus resultados poderán ser obxecto de venda ou comercialización.

3.—Os solicitantes deberán acredita—la titularidade cinexética de acordo co establecido no artigo 18 desta lei e dispoñer de terreos continuos cunha superficie mínima e máxima de cincuenta e dúascentas cincuenta hectáreas respectivamente. A xestión destes terreos realizaraa directamente a entidade titular, que informará periodicamente á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do calendario de probas, das modalidades e de calquera outro requisito que se determine regulamentariamente.

Artigo 21.—Terreos dedicados a explotacións cinexéticas.

1.—As persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares cinexéticos de terreos en couto redondo, coas superficies mínimas esixidas en cada caso, poderán solicitar autorización para dedicalos a explotación cinexética, co fin de destinalos á produción de pezas de caza ou á explotación comercial da actividade cinexética.

2.—As explotacións constituídas sobre terreos cinexéticos dedicados á produción e venda de pezas vivas estarán suxeitas, en canto ós requisitos de autorización, funcionamento e control, ó réxime establecido para as granxas cinexéticas. O seu réxime fiscal será o mesmo có das explotacións agropecuarias.

3.—Nas explotacións cinexéticas de carácter comercial, que deberán constituírse como empresas mercantís, poderá exercitarse a caza sobre animais procedentes de granxas cinexéticas, de conformidade cos plans establecidos e previamente aprobados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. A superficie mínima e máxima para poder autorizar este tipo de explotacións é de cincuenta e mil hectáreas respectivamente, se se dedican a caza menor, e de cen e dúas mil hectáreas respectivamente cando o obxecto da explotación sexa a caza maior.

Por vía regulamentaria determinaranse as condicións nas que esta actividade poida desenvolverse, e en especial as referentes a controis xenéticos e sanitarios, requisitos para realiza—las soltas, época e frecuencia destas, marcaxe das pezas, modalidades de caza, requisitos para o seu transporte e cantas outras se consideren pertinentes.

Artigo 22.—Obrigas dos titulares.

Son deberes dos titulares do aproveitamento de terreos suxeitos a réxime especial:

a) Cumpra—las condicións establecidas nas resolucións de declaración.

b) Axustarse ó plan de ordenación cinexética e ós plans anuais de aproveitamentos, de obrigado cumprimento unha vez aprobados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

c) Dota—los ditos terreos da vixilancia e sinalización prevista de acordo cos devanditos plans.

d) Colaborar coa Administración pública na protección e no fomento da fauna cinexética, subministrando os datos estatísticos solicitados, realizando os controis sobre as especies susceptibles de captura e adoptando as medidas sanitarias establecidas.

e) Responder da organización e correcta execución das actividades cinexéticas que leven a cabo.

f) Solicitar coa suficiente antelación a realización de monterías, axexos e axotamentos, e velar para que se cumpran as condicións impostas na autorización.

g) Calquera outro establecido ou que estableza a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Artigo 23.—Indemnizacións por danos.

1.—Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos en terreos suxeitos a réxime especial responderán dos danos e das lesións ocasionados por especies cinexéticas procedentes deses terreos.

2.—A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo da instrución do correspondente expediente de valoración, indemnizará os danos efectivamente producidos polas especies cinexéticas procedentes de terreos cinexéticos de aproveitamento común, dos Tecor autonómicos da súa administración, das reservas de caza, dos refuxios de fauna e de calquera outro terreo no que a administración e xestión lle correspondan a esta Consellería.

Artigo 24.—Incumprimentos.

Ante o incumprimento das condicións, obrigas, limitacións ou prohibicións establecidas nas autorizacións para o aproveitamento ou a explotación de terreos suxeitos a réxime cinexético especial, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo de audiencia dos titulares dos dereitos cinexéticos, poderá suspender cautelarmente o exercicio da caza neles ou iniciar expediente de anulación da declaración sen prexuízo da imposición das sancións que lles correspondan.

Artigo 25.—Zonas de seguridade.

1.—Para os efectos do establecido no artigo 8.3 desta lei, consideraranse zonas de seguridade:

a) As marxes e zonas de servidume que se atopen cercadas das vías e camiños de uso público e as vías férreas.

b) As augas públicas, incluídos os seus leitos e marxes.

c) Os perímetros dos núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas.

d) Os perímetros das vilas, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos e calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal en razón do previsto no artigo 8.3.

2.—Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e usalas no interior dos núcleos urbanos e rurais e noutras zonas habitadas ata o límite que acaden as últimas edificacións ou intalacións habitables, ampliado nunha franxa de cen metros en tódalas direccións.

3.—No caso de vilas, edificios habitables illados, recintos deportivos, xardíns e parques destinados ó uso público, áreas recreativas e zonas de acampada, o límite da prohibición ó que se refire o apartado anterior será o dos propios terreos onde se atopen instalados, ampliado nunha franxa de cen metros en tódalas direccións.

4.—Prohíbese circular con armas de caza cargadas e usalas no caso de autoestradas, autovías, estradas nacionais, comarcais ou locais, nunha franxa de cincuenta metros de ancho a ámbolos dous lados da zona de seguridade. En ningún caso se poderá disparar en dirección a outros camiños de uso público ou vías férreas.

5.—Malia o previsto nos puntos anteriores, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo de petición dos titulares cinexéticos interesados, poderá autoriza-la caza nas vías e nos camiños de uso público, así como nos leitos e nas marxes dos ríos, regatos e canles que atravesen terreos cinexéticos ou constitúan o límite entre eles. Nas resolucións que se dicten para o efecto, se son afirmativas, fixaranse as condicións aplicables en cada caso para exer-

cita-la caza baixo a responsabilidade dos titulares da autorización.

6.—Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, fundadamente, na Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a declaración como zona de seguridade dun determinado lugar cando concorran as circunstancias previstas no artigo 8.3. As ditas zonas, no caso de seren así declaradas, deberán ser sinalizadas polo promotor conforme se determine regulamentariamente.

Artigo 26.—Terreos cercados.

1.—Son terreos cercados, para os efectos desta lei, aqueles que se atopen rodeados materialmente por muros, cercas ou valos, construídos co fin de lles impedir ou prohibi-lo acceso ás persoas ou a animais alieos ou para evita-la saída dos propios.

2.—Nos terreos cercados non acollidos a réxime cinexético especial, a caza estará permanentemente prohibida.

3.—Nestes terreos a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá acorda-las medidas que considere precisas dirixidas a reduci-la caza existente, cando razóns técnicas ou sanitarias o aconsellen, así como autoriza-la penetración neles dos seus axentes, para vixia-lo cumprimento da lei.

Título II

Das especies cinexéticas e da propiedade das pezas de caza

Artigo 27.—Das especies cinexéticas.

1.—Son especies cinexéticas as declaradas regulamentariamente obxecto de caza.

2.—Para efectos de planificación e ordenación dos aproveitamentos cinexéticos, as especies de caza clasificaranse en dous grandes grupos: especies de caza maior e especies de caza menor.

3.—Coa mesma finalidade, dentro das especies de caza menor distinguiranse as migratorias das que non o son, e de maneira diferenciada as aves acuáticas.

4.—Así mesmo consideraranse separadamente as especies cinexéticas predadoras que poidan exercer sensibles efectos sobre as restantes especies obxecto da caza.

Artigo 28.—Da propiedade das pezas de caza.

1.—Serán propiedade do cazador as pezas que capturase, vivas ou mortas, mediante o exercicio da caza, sempre que esta sexa realizada conforme as prescricións establecidas nesta lei ou na normativa que a desenvolva.

2.—O cazador que fira unha peza en terreo onde lle sexa permitido cazar ten dereito a cobrala aínda que entre ou caia en terreo distinto. Cando este estivese cercado, necesitará permiso do titular ou do seu representante para penetrar nel, e se lle fose negado terá dereito a que se lle entregue a peza

ferida ou morta se fose atopada e puidese ser aprehendida.

3.—En terreos abertos sometidos a réxime cinexético especial, e para pezas de caza menor, non será necesario o permiso ó que se refire o parágrafo anterior, cando o cazador entre a cobra—la peza só, sen armas nin can.

4.—Cando un ou varios cazadores levantasen e perseguisen unha peza de caza, calquera outro cazador deberá absterse, en tanto dure a persecución, de abater ou intentar abate—la devandita peza.

5.—Entenderase que unha peza de caza é perseguida cando o cazador que a levantou, con ou sen axuda de can ou doutros medios, vaia no seu seguimento e teña unha razoable posibilidade de cobrala.

6.—Cando haxa dúbida respecto da propiedade das pezas de caza, aplicaranse os usos e costumes do lugar. No seu defecto, a propiedade corresponderalle ó cazador que lle dese morte, cando se trate de caza menor, e ó autor do primeiro sangue, cando se trate de caza maior.

Título III

Da protección, da conservación e do aproveitamento da caza

Capítulo I

Da protección

Artigo 29.—Das medidas de protección.

1.—Cando razóns técnicas ou sanitarias o aconsellen, a Consellería poderá acordar en calquera momento medidas xerais ou particulares que corrixa situacións anómalas ou excepcionais.

2.—Cando as persoas, os cultivos, a gandería, a caza, os bens ou as instalacións sexan prexudicados pola fauna silvestre cinexética, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a instancia de parte, poderá autoriza—los seus donos para que adopten, dentro delas, medidas extraordinarias de control ou acometer ela mesma as accións preventivas necesarias para evitar que os ditos danos se repitan.

Artigo 30.—Do estado sanitario das especies cinexéticas.

1.—A Administración autonómica velará polo estado sanitario das especies cinexéticas e adoptará as medidas necesarias para previr, detectar, comprobar, diagnosticar e eliminar calquera xermolo ou foco infeccioso na fauna silvestre.

2.—Os cazadores, os titulares de terreos cinexéticos en réxime especial e, en xeral, calquera persoa que teña coñecemento ou sospeita dalgunha anomalía no comportamento dos animais que puidese facer presumi—la existencia de enfermidade contaxiosa ou de intoxicación deberán comunicárllelo de inmediato ás autoridades ou ós seus axentes.

3.—As inspeccións sanitarias realizaranse na forma e nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 31.—Das repoboacións cinexéticas.

1.—As soltas de espécimes de especies cinexéticas esixirán a autorización previa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en todo tipo de terreos sometidos a réxime cinexético especial. Nos terreos de aproveitamento cinexético común, nos refuxios de fauna e nos terreos non cinexéticos, as ditas repoboacións soamente poderán ser realizadas directamente pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2.—Para os efectos do establecido no punto anterior, os espécimes deberán proceder dunha granxa cinexética ou dunha explotación cinexética autorizada, con garantías sanitarias.

3.—Cando proveñan de capturas en terreos abertos deberán acreditar—la súa procedencia e a legalidade da súa captura e, en calquera caso, o seu correcto estado sanitario.

Capítulo II

Da conservación

Artigo 32.—Procedementos masivos e non selectivos de caza.

1.—Quedan prohibidas a tenencia e utilización de tódolos procedementos de caza masivos ou non selectivos, así como aqueles que puidesen causar localmente a desaparición dunha especie cinexética ou indirectamente dunha especie incluída nalgún dos catálogos de especies ameazadas, ou alterar significativamente a estabilidade das súas poboacións e dos ecosistemas dos que forman parte.

2.—Por razóns de control de poboación e en circunstancias ou condicións excepcionais, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá autoriza—la utilización dalgúns destes medios.

Artigo 33.—Medios e métodos prohibidos.

Reglamentariamente estableceranse os medios e métodos prohibidos para a caza.

Artigo 34.—Doutras prohibicións.

1.—Queda prohibido:

1) Cazar en época de veda.

2) Cazar fóra do período comprendido entre unha hora antes da saída do sol e unha hora despois do seu ocaso, agás nas modalidades de caza nocturna expresamente autorizadas.

3) Cazar en tempo e lugares nos que, como consecuencia de incendios, epizootias, envelenamentos, inundacións, secas ou outras causas, os animais se ven privados dos seus hábitats e das súas facultades normais de defensa e obrigados a concentrarse en determinados lugares.

4) Cazar en días de neve, cando esta cubra de forma continua o chan ou cando por causa dela queden reducidas as posibilidades de defensa das pezas de caza. Esta prohibición non lles será aplicable á caza maior de alta montaña nin a determinadas especies de aves migratorias nin a outras especies cinexéticas ás que a existencia de neve non lles reduza as súas posibilidades de defensa nas condicións que regulamentariamente se fixen.

5) Cazar cando por circunstancias metereolóxicas e calquera outra circunstancia estea reducida a visibilidade, de forma que poidan producirse perigos para as persoas ou para os seus bens.

6) Cazar servíndose de animais ou de calquera vehículo como medio de ocultación.

7) Cazar en liña de retranca, tanto que se trate de caza maior coma menor.

8) Cazar en refuxios de fauna, en terreos vedados temporal ou permanentemente en razón de plans cinexéticos legalmente aprobados ou en estacións biolóxicas ou zoolóxicas, agás que se estea en posesión dun permiso especial.

9) Entrar en terreos sometidos a regulamentación cinexética especial debidamente sinalizados, sen o oportuno permiso, levando armas, cans ou artes dispostas para cazar.

10) Cazar combinando a acción de dous ou máis grupos de cazadores ou facendo uso de medios que persigan o cansazo ou esgotamento das pezas, agás nos casos de batidas e monterías debidamente autorizadas.

11) Cazar ó axotamento sen autorización expresa.

12) Portar armas de caza desenfundadas ou dispostas para o seu uso cando se circule polo campo en época de veda.

13) Cazar con armas de fogo quen careza dos requisitos esixidos para iso ou non dispoña dos oportunos permisos.

14) Dispararen con ningunha clase de armas os axotadores, batedores, secretarios ou podengueiros que asistan en calidade de tales a axotamentos, batidas ou monterías.

15) Cazar sen estar provisto da documentación preceptiva ou sen levala consigo.

16) Cazar, ter ou transportar especies non cinexéticas ou pezas de caza das que a súa idade ou sexo, sempre que sexan notorios, non concorden ou non cumpran os requisitos legalmente permitidos.

17) Cazar con chamariz de perdiz, incumprindo as disposicións que regulen esta modalidade.

18) Destruír tobeiras e niños, así como a recollida de crías ou ovos e a súa circulación e venda.

19) Calquera práctica que tenda a alterar e alamar, atraer ou espanta-la caza existente en terreos alleos.

20) Usar ou posuír sen autorización animais, aparellos, artes ou productos aplicables á captura ou atracción de pezas de caza ós que se refire o artigo anterior.

21) Posuír en catividade individuos de especies cinexéticas de caza maior sen a oportuna autorización.

22) Dispararlles ás pombas nos bebedoiros habituais ou a menos de mil metros dun pombal autorizado, sempre que a súa localización estea debidamente sinalada. Así mesmo, dispararlles ás pombas mensaxeiras e ás deportivas ou bochonas que teñan marcas regulamentarias.

23) Empregar ou posuír postas ou balas explosivas, así como calquera tipo de proxectil no que se produciisen manipulacións.

24) Cazar con arma longa raiada ou empregar cartuchos de bala ou postas para especies de caza menor ou utilizar municións de perdigóns ou postas para a caza maior.

25) Cazar en terreos que carezan de plan de ordenación cinexética ou de plan de aproveitamento cinexético anual e que teñan a obriga legal de telos.

26) Cazar con pistola e armas de aire ou outros gases comprimidos.

27) Cazar con armas que disparen en refachos ou con armas automáticas ou semiautomáticas provistas de cargador que poida conter máis de dous cartuchos, así como coas dotadas de silenciador, visor para o disparo nocturno ou munición non autorizada.

28) Calquera outro sistema establecido ou que se estableza en disposicións legais ou regulamentarias.

2.-A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, de oficio ou por petición de organismos ou institucións públicas ou privadas ou dun particular, poderá acordar, por medio dunha resolución motivada, o emprego de calquera dos medios, modos ou formas prohibidos neste artigo ou no anterior.

3.-Neste caso, a autorización que se conceda será por prazo determinado, persoal e intransferible, fixará as condicións para a súa utilización e responsabilizará expresamente o titular da autorización, solicitándolle, se se considera pertinente, a oportuna fianza.

Artigo 35.-Aves de cetrería e furóns.

A posesión de aves de cetrería e furóns esixirá unha especial autorización. A súa tenencia axustarase ás normas que lle sexan aplicables e ó que se dispoña por vía regulamentaria.

Artigo 36.-Limitacións por razóns de cultivos e en masas de auga.

1.-Nas hortas, viñedos, campos de froiteiras, cultivos de regadío e montes de repoboación recente, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

poderá condicionar ou prohibi-lo exercicio da caza durante determinadas épocas.

2.—A Consellería establecerá igualmente de forma regulamentaria o aproveitamento cinexético das masas de auga que teñen unhas características que aconsellan aplicar un réxime especial, logo de informe dos organismos con competencia sobre elas.

Artigo 37.—Conservación de hábitats.

1.—Co fin de conservar, preservar e mellora-lo hábitat natural das diferentes especies cinexéticas, a Xunta de Galicia poderá acorda-las oportunas medidas de axuda para o logro do dito obxectivo e cantas outras de carácter limitativo, correctoras ou restauradoras persigan idéntica finalidade.

2.—A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá declarar determinadas áreas ou hábitats como zonas de especial interese cinexético. Estas áreas estarán sometidas a un réxime especial de xestión cinexética que fomente e garanta a conservación dos hábitats e do patrimonio xenético.

As actuacións públicas ou privadas que poidan altera-las condicións do medio, afectando as especies cinexéticas nas ditas áreas, deberán contar cun informe previo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

3.—Logo de notificación e audiencia ós titulares dos dereitos cinexéticos, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, nos terreos de réxime cinexético especial, poderá vedar toda ou parte da súa superficie, vedar unha determinada especie ou reduci-lo período hábil de caza, cando así o aconsellen circunstancias especiais para a protección da fauna ou da flora.

Artigo 38.—Caza con fins científicos.

1.—A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá autorizar, condicionadamente, para fins científicos ou de investigación, a caza de especies cinexéticas en calquera época do ano así como a utilización de medios e métodos prohibidos con carácter xeral.

2.—Estas autorizacións serán persoais e intransferibles e por prazo determinado a favor de persoal cualificado, e requirirán informe previo favorable da institución directamente relacionada coa actividade investigadora do petionario.

Artigo 39.—Anelamento e marcaxe.

1.—A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá dictar normas para a práctica do anelamento ou da marcaxe de especies cinexéticas sen prexuízo do que establezan outras disposicións ó respecto.

2.—Quen atope ou capture algunha peza portadora de aneis ou marcas utilizadas para a identificación

de animais deberá comunicarllo á Consellería facendo chegar a esta aqueles sinais e os datos sobre o lugar e tempo da aprehensión.

Artigo 40.—Dos cans e da caza.

1.—Os donos de cans utilizados para a práctica da caza quedarán obrigados a cumprir-las prescricións xerais que sobre tenencia, matriculación e vacinación dicten as autoridades competentes, de conformidade coa Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

2.—O tránsito de cans soltos por terreos cinexéticos ou o seu emprego no exercicio da caza acomodarse ós preceptos que se dicten regulamentariamente.

3.—En todo caso o dono destes animais evitará que vaguen sen control, tanto en terreos cinexéticos coma nas zonas de seguridade, evitando danos ou molestias ás pezas de caza, ás crías ou ós seus ovos, e responderá dos danos que aqueles ocasionen.

4.—Os cans utilizados para a práctica da caza deberán ir provistos da identificación que se determine regulamentariamente. Para o emprego de mandas de cans será necesario estar en posesión de licenzia especial.

5.—Co fin de que os cans de caza poidan ser amestrados e adestrados, nos plans de ordenación cinexética fixaranse os lugares, as épocas e as condicións nos que poderá levarse a cabo o adestramento.

6.—Na Consellería de Agricultura, Gandería e Montes abrirase un libro-rexistro de razas caninas de caza existentes na Comunidade Autónoma.

Artigo 41.—Modalidades de caza.

1.—As modalidades de caza que poden practicarse, así como os requisitos para levalas a cabo, as normas de seguridade de persoas e bens e as medidas de protección da fauna silvestre non cinexética que deban adoptarse nas cacerías estableceranse por vía regulamentaria. Da mesma forma regulamentarase o procedemento de caza en postos fixos, combinado coa acción de batedores, axotadores e cans.

2.—As normas que con carácter xeral se dicten para regular esta materia complementarase cos plans cinexéticos aprobados para os terreos nos que se realicen.

3.—A realización de monterías, batidas, ganchos, espreitas, esperas nocturnas e axotamentos requirirá autorización previa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, á que deberán axustarse. A mesma obriga incúmbelles ós titulares cinexéticos de terreos suxeitos a réxime especial para realizar calquera das modalidades de caza descritas no parágrafo anterior, no caso de batidas por danos.

Os titulares cinexéticos dos terreos, os organizadores de cacerías e os participantes nelas serán directamente responsables do cumprimento das ditas disposicións.

Capítulo III

Do aproveitamento

Artigo 42.—Dos períodos hábiles de caza.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, oído o Comité Galego de Caza, publicará anualmente, coa suficiente antelación, unha orde na que se determinarán as limitacións e épocas hábiles de caza das distintas especies, así como os réximes especiais necesarios e a normativa aplicable nos terreos de réxime cinexético común.

Artigo 43.—Ordenación do aproveitamento cinexético.

1.—Os titulares de aproveitamentos cinexéticos suxeitos a réxime especial deberán presentar obrigatoriamente un plan quinquenal de ordenación cinexética redactado por técnico competente, que unha vez aprobado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes constituirá norma de obrigado cumprimento, a partir da que se desenvolverá ordenadamente a actividade cinexética, dentro do marco dos períodos hábiles xerais.

2.—Os plans de aproveitamento, de vixencia anual, serán aprobados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e conterán as especies cazables, as cotas de capturas, os períodos, o número de xornadas de caza, o número de cazadores diarios, as zonas de aplicación e modalidades de caza e calquera outra cuestión relacionada co exercicio da caza.

Artigo 44.—Plans de ordenación e aproveitamentos cinexéticos.

1.—Os plans de ordenación cinexética incluírán os datos do estado cinexético, dentro do que deben figurar, alomenos, a definición e descrición das unidades de xestión e inventariación e a estimación de parámetros poboacionais como abundancia e produtividade das especies obxecto do aproveitamento, así como unha avaliación da capacidade de carga do hábitat.

2.—Incluírase así mesmo:

a) O establecemento dos obxectivos da ordenación, de acordo coa información recollida na fase de inventario.

b) A estimación da extracción sostible en función da evolución prevista das poboacións.

c) A zonificación da área, un sistema de seguimento da propia planificación e unha previsión de mecanismos correctores.

d) Tamén figurarán articuladas no tempo as accións de conservación das especies cinexéticas, así como, se é o caso, doutras especies silvestres.

e) As accións e modalidades complementarias articuladas no espazo e no tempo, como o adestramento de cans, a solta—captura e outras similares.

f) Calquera outro aspecto que regulamentariamente se determine.

3.—Os plans de aproveitamentos cinexéticos de vixencia anual realizaranse con base no plan de ordenación cinexética e nas táboas de capturas de anos anteriores.

4.—Se se comprobare que un plan de ordenación ou aproveitamento aprobado contén datos falsos ou se está aplicando indebidamente, logo da incoación do oportuno expediente sancionador, poderá ser anulado ou suspendida cautelarmente a actividade cinexética, sen prexuízo de que a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes emprenda as demais accións que correspondan contra o titular do Tecor e contra quen subscriba o plan, se é o caso.

5.—Ó final de cada temporada de caza, e antes da data que regulamentariamente se estableza, os titulares dos aproveitamentos cinexéticos comunicaranlle á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes os datos que sobre ela lles requira.

Título IV

Dos requisitos para cazar

Artigo 45.—Requisitos xerais.

1.—Para poder practica—la caza é preciso:

a) Ser titular dunha licenza de caza en vigor.

b) Ter concertado un contrato de seguro de responsabilidade civil do cazador.

c) Estar en posesión dun documento oficial de identificación.

d) No caso de utilizar armas, posuí—lo correspondente permiso así como a guía de pertenza, de conformidade coa normativa que regula esta materia.

e) Non estar inhabilitado por sentenza firme para a obtención de licenza de caza ou non estar sancionado por resolución administrativa que implique a imposibilidade de obter—la licenza por un período determinado.

f) Calquera outro permiso ou autorización que por razón do lugar, dos métodos ou das especies esixise a lei ou a normativa aplicable.

2.—Estes documentos deberá levarlos consigo o cazador durante o exercicio desta actividade.

3.—Os menores de idade deben ir acompañados dalgún cazador maior de idade, para poder cazar con armas.

Artigo 46.—Licencias.

1.—A licenza de caza é un documento persoal e intransferible, expedido pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a quen, non estando inhabilitado para obtela, acredite a aptitude e os coñecementos precisos e reúna os requisitos legais necesarios.

2.—O menor de idade non emancipado que cumprise dezaseis anos necesitará autorización escrita da persoa que legalmente o represente para obter—la licenza de caza.

3.—A validez das licencias poderá ser dun ou varios anos a partir da data da súa expedición, e estas clasifícanse en:

—Licencias de clase A, que autorizan para o exercicio da caza con armas de fogo.

—Licencias de clase B, que autorizan para o exercicio da caza con outros medios ou procedementos permitidos, distintos dos anteriores.

—Licencias de clase C, que autorizan a tenencia ou utilización de medios ou procedementos especiais.

4.—Regulamentariamente determinaranse os requisitos e as condicións para a obtención da licenza de caza, así como as probas de aptitude que deberán supera-los que pretendan obter por primeira vez a dita licenza.

Artigo 47.—Das persoas inhabilitadas para obte-la licenza.

Non poderán obte-la licenza nin terán dereito a renovación:

a) Os que non reúnan as condicións e os requisitos que se establecen para a súa obtención.

b) Os inhabilitados para obtela en virtude de sentenza firme.

c) Os infractores desta lei ou das normas que a desenvolvan ós que por resolución administrativa firme recaída no expediente sancionador instruído para o efecto se lles impuxese a sanción de inhabilitación ou retirada de licenza.

d) Os infractores desta lei ou das normas que a desenvolvan que non acrediten documentalmente o cumprimento da sanción imposta por resolución firme, recaída no expediente instruído.

Artigo 48.—Anulación e suspensión de licencias.

1.—A licenza de caza poderá ser anulada ou suspendida por tempo determinado, como consecuencia de expediente sancionador, nos supostos establecidos nesta lei.

Nestes casos, o titular da licenza deberá entrega-lo documento acreditativo e absterse de solicitar unha nova, en tanto dure a inhabilitación.

2.—Cautelamente, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá suspende-la licenza ó incoarse un expediente sancionador por falta grave ou moi grave.

Título V

Da vixilancia e do coidado da caza

Artigo 49.—Da vixilancia da actividade cinexética.

1.—A vixilancia da actividade cinexética e o cumprimento dos preceptos desta lei desempeñaranos os axentes forestais da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e os demais corpos e institucións da Administración que, con carácter xeral, teñan

encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais.

2.—No exercicio das súas funcións, os axentes forestais terán a consideración de axentes da autoridade e como tales poderán ocupar e reter, cando proceda, as pezas cobradas e os medios de caza empregados.

3.—As autoridades e os seus axentes con competencia en materia cinexética, cando actúen no exercicio das súas funcións de vixilancia, inspección e control, poderán, logo de identificación, acceder a todo tipo de terreo, instalacións e vehículos relacionados coa actividade cinexética.

Artigo 50.—Gardas de campo de caza.

1.—A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá outorgárllle-lo título de garda de campo de caza ás persoas que cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente, co obxecto de colaboraren no cumprimento do disposto nesta lei cos axentes forestais e cos demais corpos e institucións da Administración que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais. Para estes efectos terán a consideración de axentes da autoridade.

2.—Os terreos cinexéticos ordenados dispoñerán dun servizo de vixilancia.

Os membros dos servizos de vixilancia estarán obrigados a denunciar, nun prazo máximo de corenta e oito horas, todos aqueles feitos que se produzan na demarcación que teñan asignada e que presumiblemente constitúan infraccións a esta lei, así como a colaborar cos axentes da autoridade en materia cinexética, para o cal deberán posuí-lo título de gardas de campo de caza.

3.—Os gardas de campo de caza deberán portar uniforme e os distintivos do seu cargo, así como a documentación que os identifiquen como tales.

Título VI

Das entidades colaboradoras e dos órganos consultivos

Artigo 51.—Das entidades colaboradoras.

Consideraranse entidades colaboradoras as que realicen accións en favor da riqueza cinexética, da conservación das especies e o seu hábitat e do seu ordenado aproveitamento, ademais ou indistintamente das que lles correspondan, se é o caso, como titulares de terreos de réxime cinexético especial.

Serán declaradas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Regulamentariamente determinaranse os requisitos necesarios para a obtención da condición de entidade colaboradora, así como os seus beneficios e obrigas.

Artigo 52.—Dos órganos consultivos e asesores.

1.—A función de asesoramento á Administración e de representación das organizacións de cazadores e doutros grupos vinculados á caza na xestión cinexética realizarase a través do Comité Galego de Caza e dos comités provinciais de caza.

2.—Ámbolos dous comités emitirán informe preceptivo no seu respectivo ámbito territorial sobre as propostas de ordes xerais de vedas, os expedientes de declaración dos Tecor e calquera outra cuestión de interese cinexético.

3.—A composición dos comités de caza incluírá representantes das federacións, sociedades colaboradoras e asociacións de cazadores, no ámbito territorial da súa competencia, así como das institucións dedicadas á investigación e das organizacións que teñan como fin a conservación da natureza e dos intereses socioeconómicos relacionados coa actividade cinexética.

4.—Regulamentariamente determinaranse a composición e as funcións do Comité Galego de Caza e dos comités provinciais de caza.

Artigo 53.—A Comisión de Homologación de Trofeos de Caza.

1.—A Comisión de Homologación de Trofeos de Caza é un órgano adscrito á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes que ten como función principal a homologación dos trofeos de caza, conforme as fórmulas e os baremos establecidos polos organismos nacionais e internacionais.

2.—A súa composición e réxime de funcionamento determinarase regulamentariamente.

Título VII

Das granxas cinexéticas

Artigo 54.—Requisitos para o seu establecemento.

1.—Considérase granxa cinexética, para os efectos desta lei, toda explotación agroindustrial dedicada á produción de pezas de caza para a súa comercialización, vivas ou mortas. Así mesmo terán tal consideración as pequenas instalacións, independentemente da súa titularidade, que produzan especies cinexéticas.

2.—Para establecer unha granxa cinexética é precisa a autorización administrativa previa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Os interesados deberán presentar, xunto coa solicitude, un proxecto suscrito por técnico competente, no que se preveza, ademais dos datos técnicos de construción, instalacións e presuposto, os aspectos hixiénico-sanitarios, as especies que se van criar, o programa de produción, o programa de control zootécnico-sanitario e o destino previsto das pezas producidas. Calquera traslado ou ampliación das instalacións requirirá, igualmente, autorización da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

3.—As granxas cinexéticas deberán contar cun servizo de asistencia zootécnico-sanitario, que infor-

mará de inmediato á Consellería de calquera indicio de enfermidade que poida ser sospeitoso de epizootia ou zoonose.

4.—As granxas cinexéticas están obrigadas a levar un libro—rexistro de pezas no que figurarán os datos que se determinen regulamentariamente. Este libro estará á disposición dos organismos da Administración con competencia en materia de caza.

5.—Estas instalacións están obrigadas a face—los controis que a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes estableza e a facilitarlle o acceso a elas ó persoal dos organismos competentes.

Título VIII

Do réxime fiscal

Artigo 55.—Matrículas.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes expedirá a matrícula anual acreditativa da condición cinexética dos terreos suxeitos a réxime cinexético especial.

A taxa anual fixarase atendendo a cualificación outorgada ó terreo na autorización, en proporción ó número de hectáreas e ó grupo no que se inclúa, de conformidade coa normativa autonómica regulamentadora de taxas, prezos e exaccións reguladoras.

No que se refire ás bonificacións, regulamentariamente determinarase a porcentaxe e as condicións delas, e terase en conta, en todo caso, a superficie dedicada a refuxio de fauna, o número de permisos autorizados para cazadores alleos ou propietarios de terreos non socios, o número de socios e o tipo de Tecor.

As explotacións cinexéticas de carácter comercial, así como as granxas cinexéticas, estarán suxeitas ó réxime fiscal das explotacións mercantís.

Así mesmo non se contabilizará para efectos da taxa da matrícula anual a superficie en hectáreas que se dediquen a vedado de caza cando menos durante dous anos.

Título IX

Das infraccións e sancións

Capítulo I

Das infraccións

Artigo 56.—Concepto e clases de infraccións administrativas.

1.—As accións ou omisións que infrinxan o establecido nesta lei darán lugar a responsabilidade de natureza administrativa, sen prexuízo da esixible na vía penal ou civil.

2.—Para os efectos desta lei, as infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 57.—Das infraccións leves.

Son infraccións leves:

- 1) Cazar sendo menor de dezaseis anos.
- 2) Cazar con armas de fogo sen ter acadada a maioría de idade cando se faga a máis de cincuenta metros do cazador maior de idade encargado da vixilancia do menor ou cando non se cumpran as súas indicacións.
- 3) Non vixiar eficazmente as actividades cinexéticas do menor que utilice armas de fogo o cazador maior de idade encargado desa vixilancia.
- 4) Non levar consigo durante o exercicio da caza a documentación preceptiva, aínda sendo titular dela.
- 5) Abater ou intentar abater unha peza que fose levantada e sexa perseguida por outro ou outros cazadores e polos seus cans.
- 6) Practica-la caza dacabalo cando non se dispoña de autorización para iso.
- 7) Cazar pombas nos seus bebedeiros habituais ou a menos de mil metros dun pombal agroindustrial debidamente sinalizado.
- 8) Establecer pombais agroindustriais sen autorización.
- 9) Cazar pombas mensaxeiras, deportivas ou bochonas que teñan as marcas establecidas para o efecto.
- 10) Non impedir en época hábil que os cans propios vaguen sen control por terreos cinexéticos.
- 11) Transitar con cans sen a debida dilixencia para evitarlles molestias ás pezas de caza, ás crías ou ós seus ovos.
- 12) Non exerce-la debida vixilancia sobre os cans pastores de gando para evitar que lles causen prexuízos ou molestias ás pezas de caza.
- 13) Incumpri-las normas que regulen o adestramento de cans nas zonas que se establezan para o efecto.
- 14) Non cumpri-las normas sobre caza en camiños e augas públicas que atravesen ou linden con terreos sometidos a réxime cinexético especial, ou cazar nestes lugares sen o debido permiso.
- 15) Incumpri-las normas que se establezan sobre a actividade cinexética en relación con determinados terreos por razón de cultivos ou repoboacións forestais.
- 16) Calquera práctica que tenda a alterar e alarmar, atraer ou espanta-la caza en terreos alleos ou zonas protexidas.
- 17) Infrinxi-lo disposto respecto da entrega e do cobramento de pezas de caza feridas ou mortas que entren en terreos cinexéticos doutra titularidade, cando o peticionario de acceso acredite que a peza foi ferida en terreo onde lle estaba permitido cazar.

18) Entrar con armas ou cans en terreos abertos sometidos a réxime cinexético especial, para cobrar unha peza de caza menor ferida fóra del, sempre que se encontre en lugar visible desde o lindeiro.

19) Infrinxi-las limitacións ou prohibicións que regulen o exercicio da caza en terreos sometidos a réxime cinexético especial, cando o infractor estea en posesión do correspondente permiso para exercita-la caza neles.

20) Incumpri-lo que se estableza regulamentariamente sobre a caza de aves migratorias.

21) Contravi-las disposicións sobre a caza de aves acuáticas desde postos fixos e sobre cans de persecución ou cetrería.

22) Practicaren a caza con armas ou con calquera outro medio ou arte os auxiliares dos cazadores que asistan en tal calidade.

23) Estar en posesión de armas ou municións non permitidas para a modalidade de caza que se estea practicando.

24) Solicita-la licencia de caza estando inhabilitado para obtela por resolución firme, en tanto dure a inhabilitación ou estea pendente de pago algunha sanción firme.

25) Posuír sen autorización ou identificación lazos, trampas, garamelos, costelas, buíces, nasas ou esparrelas, arbolillo, varetas, rametas, barracas ou parany, artefactos que requiran para o seu uso o funcionamento de mallas, redes abatibles, redes néboa ou verticais ou redes canón, todo tipo de medios que impliquen o uso de visgo, furóns e postas, entendendo por tales aqueles proxectís múltiples que teñan un peso igual ou superior a 2,5 gramos.

26) Posuír, con fins de caza, aparellos electrocutantes ou paralizantes, cebos, gases ou substancias venenosas, paralizantes, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, produtos para crear rastros de olor, explosivos, anzois e arames.

27) Anelar ou marcar pezas de caza sen a debida autorización, ou non remitirle á Administración os aneis ou as marcas oficiais que posúan as pezas abatidas.

28) Incumpri-las condicións que se fixen nas autorizacións para realizar batidas.

29) Incumpri-la obriga de dar conta do resultado das cacerías.

30) Incumpriren os cazadores as limitacións contidas no plan de ordenación cinexética oficialmente aprobado, agás que estivese tipificado como infracción específica de maior gravidade nesta lei.

31) Non cumpri-las disposicións específicas dadas ou cursadas ós titulares de terreos suxeitos a réxime cinexético especial sobre o seu funcionamento.

32) Transportar caza morta sen cumprí-las disposicións que a regulamenten ou non cumprir cos requisitos que, para o efecto, se establezan.

33) Transportar en vehículos motorizados armas desenfundadas e listas para o seu uso, aínda que non estivesen cargadas, en época hábil.

34) Estar en posesión, en épocas de veda, de pezas de caza menor mortas das que non poida xustificarse suficientemente a súa procedencia.

35) En xeral, incumpri-los requisitos, as obrigas, as limitacións ou as prohibicións establecidas nesta lei, cando non sexa constitutivo de infracción grave ou moi grave.

Artigo 58.—Das infraccións graves.

Son infraccións graves:

1) Cazar ou portar medios dispostos para a caza sen autorización ou sen cumprí-los requisitos establecidos en tempo de veda, épocas, horas, lugares ou circunstancias prohibidas.

2) Cazar non sendo titular de licencia ou estando inhabilitado para iso.

3) Falsea-los datos na solicitude da licencia de caza.

4) Cazar con redes ou artefactos que requiran para o seu uso o funcionamento de mallas, redes abatibles, redes néboa ou verticais ou redes canón.

5) Cazar utilizando algún dos procedementos ou instrumentos relacionados nos números 25 e 26 do artigo anterior, así como calquera outro medio masivo ou non selectivo.

6) Utilizar animais vivos, mortos ou naturalizados, como chamariz, sen autorización expresa ou en contra das disposicións establecidas nela.

7) Aproveitar de xeito abusivo e desordenado as especies naturais existentes en terreos suxeitos a réxime cinexético especial ou incumpri-los plans de ordenación e aproveitamento aprobados. A sanción poderá levar aparelhada a suspensión ou revogación do dito réxime especial.

8) Impedirles á autoridade ou ós seus axentes o acceso a terreos suxeitos a réxime cinexético especial ou non mostra-la súa documentación, así como impedir ou resistirse á súa inspección.

9) Incumpriren os titulares de terreos suxeitos a réxime especial calquera das condicións impostas na autorización. A sanción pode levar aparelhada a súa anulación.

10) Non sinalizar debidamente os terreos cinexéticos sometidos a réxime cinexético especial. A sanción pode levar aparelhada a suspensión da autorización.

11) Comercializar, introducir, soltar ou transportar exemplares de caza vivos ou mortos ou ovos de especies cinexéticas incumprindo os requisitos previstos na normativa vixente.

12) Explotar industrialmente a caza sen autorización ou incumpri-las condicións fixadas nesta.

13) Cazar, comercializar, posuír ou transportar pezas de caza, vivas ou mortas, calquera que sexa a súa idade ou sexo, no caso de que sexan notorios, cando non concorden cos legalmente permitidos.

14) Negarse á inspección polos axentes da autoridade de bornais, cestos, sacos, armas ou outros aparellos ou medios, cando sexan requiridos para iso.

15) Obstruí-los labores de investigación do paraíso de pezas de caza ilegalmente cobradas.

16) Negarse a mostrarlle-la documentación pertinente para o exercicio da caza ós axentes forestais ou a outros axentes da autoridade que o requiran.

17) Infrinxi-las normas específicas da orde xeral de vedas e demais disposicións concordantes respecto do exercicio da caza en terreos cinexéticos.

18) Infrinxi-las limitacións e prohibicións que regulamenten o exercicio da caza en terreos sometidos a un réxime cinexético especial cando o infractor non estea en posesión do correspondente permiso para exercita-la caza neles.

19) Non declararen os titulares ou xestores de terreos sometidos a un réxime cinexético especial as epizootias ou envelenamentos que afecten a fauna existente neles ou incumpri-las medidas que se dicten para a súa prevención ou erradicación.

20) Posuír pezas de caza maior, viva ou morta, con procedencia que non poida acreditarse debidamente.

21) Altera-los precintos e as marcas regulamentarios.

22) Pechar ou cercar terreos con fins cinexéticos sen autorización ou sen cumprí-los requisitos establecidos nela, así como danar ou altera-los que estean autorizados.

23) Cazar con armas de fogo sen cumprí-las medidas de seguridade que regulamentariamente se especifiquen.

24) Cazar en liña de retranca facendo uso de armas de fogo, tanto se se trata de caza maior coma de caza menor.

25) Cazar con armas que disparen en refachos ou con armas automáticas ou semiautomáticas provistas de cargador que poida conter máis de dous cartuchos, así como coas dotadas de silenciador, visor para o disparo nocturno ou munición non autorizada.

26) Abrir portelos en cercas ou valados ou construír artefactos, trampas, barreiras ou calquera outro dispositivo que sirva ou poida servir para beneficiarse da caza, así como destruír ou dana-las instalacións destinadas á protección e ó fomento da caza.

27) Cazar en terreos sometidos a réxime cinexético especial ou terreos cercados, aínda cando non se cobrase ningunha peza, sen estar en posesión do correspondente permiso.

28) Portar armas de caza desenfundadas, sen a oportuna autorización, cando se transite polo campo en época de veda.

29) Cazar con armas ou medios que precisen de autorización especial sen estar en posesión do correspondente permiso.

30) Realizar monterías, batidas e axotamentos sen a oportuna autorización.

31) Cazar sen ter contratado o seguro obrigatorio do cazador ou telo caducado.

32) Destruír, alterar ou cambia-los sinais indicadores da condición cinexética dun terreo.

33) Facer uso indebido de armas raiadas ou escopetas de caza en zonas de seguridade ou proximidades.

34) Atribuírse indebidamente a titularidade de terreos sometidos a réxime cinexético especial.

35) Destruír tobeiras, zonas de cría ou espazos de reunión habitual das especies da fauna silvestre, tanto cinexética coma non cinexética.

36) Arrendar ou ceder a título oneroso ou gratuíto as autorizacións para o aproveitamento cinexético de terreos sometidos a réxime cinexético especial. A sanción levará aparellada a anulación da autorización.

37) Cazar fóra do período comprendido entre unha hora antes da saída do sol e unha hora despois do seu ocaso, agás autorización expresa.

38) Cazar cando por circunstancias metereolóxicas ou calquera outra circunstancia estea reducida a visibilidade, de forma que poidan producirse perigos para as persoas ou para os seus bens.

39) Cazar servíndose de animais ou vehículos como medio de ocultación.

40) Entrar con armas ou outras artes autorizadas en terreo cercado, ou con prohibición permanente de cazar, non acollido a outro réxime cinexético especial, cando existan nos seus accesos sinais ou carteis que prohibanban a caza no seu interior.

Artigo 59.—Das infraccións moi graves.

Son infraccións moi graves:

1) Cazar en refuxios de fauna ou reservas de caza ou naquelas zonas dos espazos naturais protexidos onde o exercicio da caza estivese expresamente prohibido sen estar en posesión dunha especial autorización, aínda que non se cobrase ningunha peza.

2) Soltar especies exóticas ou animais infectados.

3) Usar explosivos, velenos ou outras substancias tóxicas co fin de cazar ou eliminar especies animais.

4) Falsear intencionadamente os datos para a obtención de autorizacións e concesións ou para a inscrición nos rexistros correspondentes.

5) Cazar servíndose ou aproveitándose do lume ou dos seus efectos.

6) Envenenar terreos cando poida ocasionarlles danos ás persoas, ós animais domésticos ou á fauna silvestre.

7) Agredir ou adoptar actitudes ameazantes cos axentes da autoridade cando se encontren no exercicio das súas funcións.

8) Transportar en vehículos motorizados, embarcacións ou aeronaves armas desenfundadas e listas para o seu uso, aínda que non estivesen cargadas, en época de veda, en horas non hábiles ou en zonas vedadas.

9) Instalar peches electrificados con fins cinexéticos.

10) Destruír-los aniñadoiros ou as áreas de cría das especies cinexéticas.

11) Cazar baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que altere sensiblemente as facultades normais do cazador ou a súa capacidade de reacción.

12) Cazar empregando faros, lanternas, espellos e outras fontes luminosas artificiais, desde aeronaves de calquera tipo, vehículos motorizados ou embarcacións en movemento.

Artigo 60.—Da prescrición das infraccións.

1.—As infraccións previstas nesta lei prescribirán: ós seis meses as leves, ó ano as graves e ós dous anos as moi graves.

2.—O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día no que a infracción se cometese.

Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial do cómputo será a de finalización da actividade ou a do último acto no que a infracción se consume.

3.—Interromperase a prescrición á iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador.

Capítulo II

Das sancións

Artigo 61.—Sancións aplicables.

1.—As infraccións tipificadas nesta lei poderán ser sancionadas polas autoridades competentes coas sancións seguintes:

a) Multa de 10.000 a 100.000 pesetas para as infraccións leves.

Multa de 100.001 a 1.000.000 de pesetas para as infraccións graves e retirada da licenza de caza e inhabilitación para obtela dun ano e un día a cinco anos.

Multa de 1.000.001 a 5.000.000 de pesetas para as infraccións moi graves e retirada da licencia de caza e inhabilitación para obtela de cinco anos e un día a dez anos.

b) Suspensión da actividade cinexética ou inhabilitación para ser titular de terreos sometidos a réxime cinexético especial dun a cinco anos de acordo coa gravidade da infracción.

2.—Nos supostos de infraccións graves ou moi graves, a sanción levará aparellada, se é o caso, a suspensión ou anulación da actividade cinexética.

A dita suspensión ou anulación poderá consistir na declaración de vedado temporal, na anulación do réxime especial dos terreos ou da declaración da granxa cinexética, na inhabilitación temporal para comercializar pezas de caza ou na clausura de instalacións, tratándose de granxas cinexéticas, de ata cinco anos.

3.—O importe das multas ás que fai referencia o número 1 deste artigo poderá ser actualizado por decreto da Xunta de Galicia tendo en conta as variacións do índice de prezos ó consumo.

4.—Nas sancións graves ou moi graves que afecten un Tecor no seu conxunto, deberá solicitarse informe do Comité Galego de Caza.

Artigo 62.—Criterios para a graduación das sancións.

Para a graduación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:

- a) A intencionalidade.
- b) A transcendencia social e o prexuízo causado ós recursos cinexéticos, ás especies incluídas en calquera dos catálogos de especies ameazadas ou ós hábitats.
- c) A situación de risco creada para as persoas ou para os bens.
- d) O ánimo de lucro e o beneficio obtido.
- e) A natureza e o volume dos medios ilícitos empregados.
- f) A reincidencia ou reiteración nun período dun ano. De apreciarse esta circunstancia o importe da multa poderá incrementarse nun 50%.
- g) No caso de concorrencia de dúas ou máis infraccións, imponse a sanción correspondente á de maior gravidade.

Artigo 63.—Da retirada de armas e outros medios de caza.

1.—O axente denunciante procederá á retirada das armas e da súa correspondente guía só naqueles casos nos que fosen utilizadas para comete-la presunta infracción, por disparo directo, morte de animais non cazables ou disposición de uso en lugar ou tempo non autorizados. En todo caso darase recibo no que conste a clase, a marca, o número e o posto da Garda Civil onde quedará depositada.

2.—O uso ou a tenencia durante o exercicio da caza de armas ou medios non autorizados dará lugar á súa retirada polo axente denunciante. As armas serán depositadas no posto da Garda Civil máis próximo a onde se producisen os feitos denunciados.

3.—A negativa á entrega da arma ou dos medios, cando o presunto infractor sexa requirido para iso, poderá dar lugar a denuncia ante o xulgado competente para os efectos previstos na lexislación penal e terase como circunstancia agravante no procedemento administrativo sancionador.

4.—As armas ou os medios retirados, se son de lícita tenencia e utilización conforme esta lei, serán devoltos por algúns dos seguintes procedementos:

a) De forma gratuíta, cando a resolución recaída no expediente fose absolutoria ou se proceda ó sobreseimento deste.

b) Gratuitamente, por disposición expresa do instructor do expediente, no suposto de infracción leve, unha vez tipificada por este a infracción, logo de solicitude de devolución polo interesado e sempre que este non teña pendente de pago sancións por infraccións desta lei.

c) Logo de rescate na contía establecida, cando se fagan efectivas as sancións e indemnizacións impostas nos supostos de infracción grave ou moi grave. Non obstante, o instructor do expediente poderá acordar, unha vez dictada a proposta de sanción, a devolución da arma se o presunto infractor presenta aval bancario que garanta o importe total da sanción e da indemnización propostas.

d) No suposto de ocupación de cans utilizados como medio de captura ou acoso de animais, aqueles quedarán en depósito do denunciado, que deberá aboar unha cantidade en concepto de rescate.

e) Ás armas comisadas daráselle-lo destino establecido na lexislación do Estado na materia. Os demais medios materiais non rescatados serán alleados ou destruídos.

Artigo 64.—Indemnizacións e multas coercitivas.

1.—As sancións serán compatibles coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada por el ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados.

2.—Para acadalo cumprimento das resolucións adoptadas, e de conformidade co disposto no artigo 99 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán imponse multas reiteradas por lapsos de tempo non inferiores a quince días e cun importe que non excederá en cada caso de 500.000 pesetas.

Artigo 65.—Comisos.

1.—Toda infracción administrativa grave ou moi grave, en materia de caza, levará consigo o comiso da caza, viva ou morta, que lle fose ocupada ó infractor, así como de cantas artes, medios ou animais, vivos ou mortos, que de forma ilícita servisen para

comete-lo feito. Ós bens ocupados daráselle-lo destino que se sinala regulamentariamente.

2.-Tratándose de cans ou outros animais vivos dos que a súa tenencia estivese autorizada, estes quedarán en depósito do denunciado, e o comiso será substituído polo aboamento da cantidade que se determine regulamentariamente.

3.-A caza viva comisada será posta en liberdade sempre que fose posible. A caza morta útil para o consumo será entregada nun centro benéfico. No caso da existencia de trofeos, estes serán postos á disposición da autoridade cinexética competente. En calquera caso, o axente denunciante expediralle recibo do comisado ó denunciado, no que constará o seu destino e a súa posta á disposición da autoridade correspondente.

Capítulo III

Do procedemento e da competencia

Artigo 66.-Do expediente sancionador e da súa caducidade.

1.-Para impoñe-las sancións previstas nesta lei, será precisa a incoación e instrución do correspondente expediente sancionador de acordo co previsto na normativa vixente.

2.-Iniciado o expediente, o órgano que ordenase a súa incoación poderá acorda-la adopción de medidas cautelares para evita-la continuidade da infracción ou o agravamento dos danos. As ditas medidas deberán ser proporcionais á natureza e gravidade da infracción.

3.-O acordo de incoación do expediente sancionador, que se lles debe remitir á persoa ou persoas presuntamente responsables, terá que conter como mínimo:

a) Os feitos constatados, destacando os relevantes para efectos da tipificación da infracción e da graduación da sanción.

b) A infracción presuntamente cometida, con expresión do precepto vulnerado.

c) A proposta de sanción, a súa graduación e cuantificación.

d) A indemnización que proceda polos danos e perdas, se é o caso.

e) As sancións accesorias que procedan.

f) O destino das armas, dos medios ou das pezas ocupadas ou comisadas.

Artigo 67.-Da presunción de existencia de delicto ou falta.

1.-Cando das características da infracción que motivou o expediente puidese presumirse a existencia dun delicto ou falta sancionable penalmente, daráselle traslado da denuncia e das actuacións practicadas á autoridade xudicial, suspendéndose

a actuación administrativa en tanto a autoridade xudicial non se pronuncie.

2.-De non estimarse a existencia de delicto ou falta, continuarase o expediente administrativo ata a súa resolución definitiva, con base, se é o caso, nos feitos que a xurisdicción penal considerase probados.

3.-A tramitación das dilixencias penais interromperá a prescripción das infraccións.

Artigo 68.-Da competencia para a imposición de sancións.

A competencia para a imposición das sancións ás que se refire esta lei corresponderalles:

a) Ós delegados provinciais da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, nas infraccións cualificadas como leves.

b) Ó director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, nas infraccións cualificadas como graves.

c) Ó conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, nas infraccións cualificadas como moi graves.

Artigo 69.-Executividade das resolucións.

1.-Contra as resolucións sancionadoras poderán interpoñerse os recursos previstos na lexislación vixente.

2.-A resolución sancionadora será executiva cando sexa firme na vía administrativa.

Artigo 70.-Das denuncias dos axentes da autoridade.

Nos procedementos sancionadores que se instrúan con ocasión de infraccións tipificadas nesta lei, as denuncias formuladas polos axentes da autoridade que presenciaren os feitos, acompañadas dos elementos probatorios dispoñibles, e logo de ratificación no caso de ser negados polo infractor, constituirán base suficiente, agás proba en contrario, para adopta-la resolución que proceda.

Artigo 71.-Da prescripción das sancións.

1.-As sancións previstas nesta lei prescribirán: ó ano as impostas por infraccións leves, ós dous anos as impostas por infraccións graves e ós tres anos as que se impoñan por infraccións moi graves.

2.-O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a sanción.

3.-Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución.

Título X

Do Rexistro de Infractores de Caza

Artigo 72.-Creación do Rexistro de Infractores de Caza.

1.-Créase na Comunidade Autónoma de Galicia o Rexistro de Infractores de Caza, no que se ins-

cribirán de oficio todos aqueles infractores que fosen sancionados por resolución firme, en expediente incoado como consecuencia do exercicio da actividade cinexética.

2.—As inscricións e variacións que se produzan nos asentos do Rexistro seranlle remitidas ó Rexistro Nacional de Infractores de Caza e Pesca.

Disposición adicional primeira

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, oído o Comité Galego de Caza, establecerá periodicamente os baremos de valoración das pezas de caza para efectos indemnizatorios.

Disposición adicional segunda

As autorizacións ás que se refiren os artigos 33, 34, 35 e 41 desta lei entenderanse denegadas se transcorrido o prazo dun mes desde a presentación da solicitude correspondente non recaeu resolución expresa.

Para as restantes peticións haberá que averse ó disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional terceira

Para os efectos do disposto nesta lei, terán a consideración de reserva de caza os terreos da Comunidade Autónoma de Galicia integrados na reserva nacional de caza dos Ancares, sen prexuízo da súa lexislación específica. A reserva nacional de caza dos Ancares, en canto ós terreos comprendidos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, quedará suxeita ás disposicións desta lei.

Disposición adicional cuarta

Os Tecor situados en espazos naturais protexidos rexeranse pola normativa específica que regule os ditos espazos.

Disposición transitoria primeira

Os cazadores que acrediten que estiveron en posesión da licenza de caza, expedida en calquera Comunidade Autónoma española, nalgún dos últimos cinco anos, contados desde a data de entrada en vigor desta lei, poderán obter a licenza de caza na Comunidade Autónoma de Galicia sen necesidade de realizaren as probas de aptitude previstas no artigo 46.4.

Disposición transitoria segunda

1.—Os coutos de caza de titularidade de sociedades ou asociacións de cazadores que estean legalmente constituídas á entrada en vigor desta lei e cunha superficie superior a dúas mil hectáreas dispoñerán dun prazo de catro anos para solicitar a súa transformación en Tecor. Para o dito fin, dentro do referido prazo, deberán presentar a solicitude de transformación, acompañada dunha memoria explicativa da situación actual do couto de caza, de copia autenticada dos estatutos en vigor da entidade titular, da relación dos socios, da composición da Xunta

Directiva, dun plano a escala 1:25.000 dos terreos que comprende e dun plan de ordenación cinexética, que deberá ser aprobado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2.—As mesmas condicións para a súa transformación seranlles aplicables a aqueles coutos que, a pesar do seu carácter societario, figuren a nome dunha persoa física ou xurídica. Neste caso deberá xustificarse abondo na memoria a razón de tal anomalía e precisar expresamente cal é a entidade á que realmente lle corresponde a titularidade. De non facerse así, o couto considerarase como couto privado e o seu titular deberá acreditar formalmente, na forma prevista no artigo 18 desta lei, a titularidade cinexética de todas e cada un dos predios que o integran, para a súa transformación en Tecor particular.

3.—Os coutos existentes na actualidade que pertencen a sociedades ou asociacións de cazadores, pero cunha superficie que non alcance as dúas mil hectáreas, poderán fusionarse con outro ou outros lindantes, para constituír un Tecor, incorporarse a outro xa existente, sempre que exista lindancia, ou obter a superficie necesaria por ampliación do primitivo couto sobre terreos de réxime cinexético común.

Nos dous primeiros casos abondará co acordo legalmente adoptado polas entidades que pretendan fusionarse ou integrarse, que deberán achegarlle á solicitude de transformación os documentos de constitución da sociedade resultante da fusión ou integración e os demais sinalados no parágrafo 1 precedente.

Se o aumento de superficie se consegue por ampliación sobre terreos que actualmente son de aproveitamento común, a titularidade destes deberá acreditarse na forma prevista no artigo 17 desta lei.

4.—Nos casos nos que os procedementos descritos no punto 3 non sexan posibles, poderán constituírse Tecor societarios con titularidade compartida por un máximo de tres sociedades ou asociacións de cazadores.

Cada sociedade poderá aproveitar de modo exclusivo a superficie correspondente ó seu couto de caza orixinal, de acordo co plan de ordenación cinexética único, que regulará os aproveitamentos cinexéticos do Tecor.

A superficie mínima dos Tecor societarios de titularidade compartida será de dúas mil hectáreas continuas.

No caso de non haber lindeiro que posibilite a titularidade compartida, poderán constituírse Tecor a partir de coutos de caza que non acaden a superficie mínima prevista nesta lei mediante a adhesión ó plan de ordenación cinexética doutro Tecor.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes comunicarálles ós ditos coutos de caza a qué plan de ordenación de Tecor lindante deberán adherirse.

Para estes efectos, os titulares dun Tecor estarán obrigados a facilitarlles ós titulares dos devanditos coutos de caza as normas e directrices básicas do seu plan de ordenación cinexética co fin de redactalos correspondentes plans de aproveitamento.

5.—A non presentación da solicitude de transformación no referido prazo de catro anos a partir da data de entrada en vigor desta lei producirá automaticamente a caducidade do couto de caza e os terreos pasarán á condición de terreos de réxime cinexético común.

Se a documentación para a súa transformación se presentase nos seis últimos meses de prazo, mentres o plan de ordenación cinexética non fose aprobado, os terreos terán a consideración de Tecor provisional, non permitíndose o exercicio da caza neles.

Disposición transitoria terceira

1.—Os propietarios ou titulares cinexéticos que individualmente ou mediante asociación voluntaria solicitasen coutos privados de caza que se atopen legalmente constituídos á entrada en vigor desta lei, sempre que teñan unha superficie igual ou superior a dúas mil hectáreas, poderán solicita-la súa transformación en Tecor particular, e dentro do prazo de catro anos acreditarán que seguen conservando a titularidade de conformidade co establecido no artigo 18 desta lei.

2.—Cando os coutos existentes non acaden a superficie mínima esixida, poderán seguir con igual réxime durante o referido prazo de catro anos. Transcorrido ese prazo, pasarán á condición de terreos de réxime cinexético común, agás que con anterioridade se integren con outros terreos lindantes para constituír un Tecor compartido, se incorporen a outro Tecor xa constituído ou soliciten e obteñan a transformación dos devanditos terreos nunha explotación cinexética de acordo coas disposicións que regulamenten esta figura.

Disposición transitoria cuarta

1.—Os terreos sometidos a réxime de caza controlada, sempre que estean adxudicados a unha sociedade de cazadores colaboradora, manterán este réxime ata o vencemento do prazo de adxudicación. Se non estivesen adxudicados a ningunha sociedade, extinguiranse automaticamente á entrada en vigor desta lei.

2.—Vencido o prazo de adxudicación ou extinguido o réxime pola causa referida no punto anterior, os terreos afectados pasarán á condición de terreos de réxime cinexético común, agás que con anterioridade se inicie a declaración doutra figura das recollidas nesta lei.

Disposición transitoria quinta

Os coutos locais de caza que estean legalmente constituídos na actualidade dispoñerán dun prazo de catro anos para solicita-la súa transformación en calquera das figuras cinexéticas previstas nesta lei e de acordo coas establecidas para cada caso.

Disposición transitoria sexta

As explotacións cinexéticas e granxas cinexéticas actualmente existentes dispoñerán do prazo dun ano, desde a data de entrada en vigor desta lei, para adaptarse ó esixido nela, pero na súa actividade comercial deberán observalo previsto nesta lei desde o momento da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria sétima

Os expedientes sancionadores en trámite no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse pola lexislación aplicable no momento no que se cometeu a infracción, agás que lle sexa máis favorable ó infractor a aplicación desta.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto nesta lei.

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor ós tres meses, contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de xuño de mil novecientos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 179/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a coordinación nos edificios administrativos da Xunta de Galicia.

A conveniencia de concentrar en áreas administrativas únicas diferentes organismos e delegacións da Xunta de Galicia, de xeito que se poida garantir un mellor servizo ós administrados evitando a dispersión de dependencias; acadalos desexables niveis de economía e racionalidade do gasto derivados da inmediatez das dependencias e o uso común dos diferentes servizos así como proseguí-la política de incremento patrimonial primando o investimento sobre o gasto corrente en alugueiros, son, entre outras, razóns que xustifican o esforzo da nosa Administración para, dentro dunha razoable xerarquización do gasto de investimento, non descoidala concentración de servizos que así mesmo se inscribe dentro do máis amplo obxectivo da reforma administrativa.

En tal sentido, a experiencia, durante un xa longo período, de uso compartido da sede dos servizos centrais da Administración autonómica aporta suficientes elementos de racionalidade no desenvolvemento do traballo e na facilidade na realización de trámites e xestións interdepartamentais, ó tempo que facilita igualmente considerables aforros de tempo e de accesibilidade ás informacións e procedementos por parte dos administrados.

Por outra parte, a existencia tamén de edificios administrativos de uso múltiple en servizos periféricos, esixe o establecemento das normas e criterios que regulen o funcionamento e a coordinación dos ditos recintos para que, sen menoscabo da autonomía dos diferentes organismos respecto do desempeño das tarefas e o exercicio das funcións e competencias que lle son propias, se establezan as canles de coordinación, comunicación e responsabilidade en canto ó uso compartido dos ditos complexos administrativos.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de xullo de mil novecentos noventa e sete,

DISPOÑO:

Primeiro.-Os edificios que por calquera título a Xunta de Galicia utilice como sede de delegacións provinciais/territoriais; direccións provinciais/territoriais ou nos que estean localizados servizos dependentes doutras consellerías recibirán a denominación xenérica de edificio administrativo da Xunta de Galicia, debendo ser este o indicativo de localización e sinalización do complexo administrativo no seu conxunto.

O réxime interior común a tódalas dependencias, así como o uso compartido de servizos axustarase ó establecido no presente decreto.

Segundo.-Terán a consideración e denominación expresada no artigo anterior os edificios actualmente sitos na Praza Luís Seoane, sen número, na Coruña e na Ronda da Muralla, número 70, en Lugo.

Terceiro.-En cada un dos edificios administrativos da Xunta de Galicia créase unha Comisión Coordinadora do Edificio Administrativo que estará presidida polo delegado provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública e da que formarán parte, como vicepresidente o delegado provincial da Consellería de Economía e Facenda, e como vocais os delegados, directores provinciais/territoriais das consellerías ou titulares dos organismos e entidades que teñan a súa sede no edificio. A comisión poderá requirir a asistencia, con voz pero sen voto, de técnicos especializados por razón da materia, que se consideren convenientes. Actuará como secretario o da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

A comisión axustará o seu funcionamento ó artigo 22 e seguintes, referidos a órganos colexiados, da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Cuarto.-Serán funcións da Comisión Coordinadora do Edificio Administrativo as seguintes:

1. A coordinación, se é o caso, das cuestións que afecten ó persoal en relación co seu traballo e que

resulten de común aplicación no réxime interior, tales como o uso das dependencias, instalacións e servizos; horarios ordinarios ou extraordinarios; accesos, saídas e circulación interior; circuítos de emerxencia; elementos de identificación de acceso e circulación interior, tanto referido a persoal como a vehículos; estacionamento de vehículos alleos ós parques móbiles provinciais; uniformidade de subalternos e calquera outra do mesmo carácter.

2. A autorización previa á realización de calquera clase de obras de remodelación ou adaptación das dependencias, sen prexuízo das competencias que sobre patrimonio lle corresponden á Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda. A mesma autorización será esixible no caso de instalación de elementos de compartimentación ou moblaxe, aínda que non implique a realización de obras e especialmente no que atinxe á obstaculización ou impedimento dos circuítos de evacuación ou instalacións de tipo xeral do edificio.

3. O establecemento, con carácter xeral, das normas para a utilización dos servizos comúns, tanto se trate de dependencias administrativas, locais, servizos ou actividades de convocatoria concreta, das que ordinariamente exerza o control a Delegación da Consellería da Presidencia.

4. Velar polo estado de conservación do edificio, o mantemento dos seus servizos e o melloramento das instalacións.

5. Ter coñecemento dos ingresos e gastos que se deriven do funcionamento común dos servizos e dependencias, así como os proxectos ou programas de obras e remodelacións que sexan precisas.

Quinto.-A administración do edificio e a xestión dos ingresos e realización dos pagamentos ocasionados pola conservación, mantemento, consumos e outros de carácter xeral común a tódalas delegacións ou organismos localizados no edificio recaerá sobre o secretario, da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública, quen será auxiliado por un funcionario da dita delegación nestas tarefas.

Sexto.-A administración do edificio terá os seguintes cometidos:

a) A xestión dos ingresos constituídos polas cantidades procedentes das distintas delegacións ou servizos que con carácter mensual lle sexan requiridos pola administración do edificio e que se corresponderán co rateo dos gastos de conservación, mantemento, consumos e material segundo a superficie ocupada ou outros parámetros de repercusión do gasto.

b) A preparación das ordes de pagamento contra a conta bancaria autorizada a nome da administración do edificio para sufragar ós provedores o importe dos gastos polos conceptos e períodos que figuran no parágrafo anterior. O presidente da comisión será o ordenador dos pagamentos á vista da proposta que

lle presente o administrador do edificio, quen reflectirá os gastos por rateo correspondentes ás delegacións e organismos situados no edificio.

Sétimo.-Corresponderá á Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública, a dirección e control inmediatos dos seguintes servizos:

1. Rexistro xeral.
2. Oficina de Información e Atención ó Cidadán.
3. Oficina de compulsas.
4. Sistema de control horario.
5. O establecemento dos medios para a identificación do persoal que preste servizos no edificio, así como dos vehículos alleos ó parque móbil provincial.
6. Sinalización interior e exterior.
7. Servizo médico.
8. Salón de actos, salas de reunións ou aulas de uso xeral.
9. Relación coa oficina de Correos e Telégrafos e servizos postais ou de valixa.
10. Servizo de cafetería.
11. Dependencias e garaxes dos parques móbiles provinciais.
12. Limpeza, mantemento, conservación e servizos e redes de servizos de instalacións comúns.
13. Relación coa xunta de persoal de funcionarios.
14. En relación coas redes de voz e datos para uso administrativo, o exercicio das funcións que lle son encomendadas á Consellería da Presidencia e Administración Pública nos decretos 262/1994, do 29 de xullo e 252/1996, do 20 de xuño.
15. Establecemento das medidas que correspondan en cumprimento da Lei de prevención de riscos laborais e da normativa da Xunta de Galicia sobre o dito particular, sen prexuízo das competencias da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais en materia de seguridade e hixiene no traballo.

Oitavo.-Con carácter anual e antes do 31 de marzo, a comisión presentará á Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública informe-memoria do ano anterior, así como estado de contas a 31 de decembro.

Disposición adicional

Primeira.-Facúltase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para outorga-la consideración de edificio administrativo a aqueles recintos administrativos que se axusten ás condicións anteriormente establecidas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-O presente decreto non supón incremento do gasto.

Segunda.-Facúltase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para dicta-las instrucións que conveñan para o desenvolvemento do presente decreto.

Terceira.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de xullo de mil novecentos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS:

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 180/1997, do 10 de xullo, polo que se dispón que cese José Ángel Veiga Abeledo como director xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de xullo de mil novecentos noventa e sete,

DISPOÑO:

Que cese, por petición propia, José Ángel Veiga Abeledo como director xeral de Organización e Sistemas Informáticos, agradecéndolle os servizos prestados.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de xullo de mil novecentos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

b) NOMEAMENTOS:**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Decreto 181/1997, do 10 de xullo, polo que se nomea director xeral de Organización e Sistemas Informáticos a José María Matías Fernández.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de xullo de mil novecentos noventa e sete,

Nomeo director xeral de Organización e Sistemas Informáticos a José María Matías Fernández.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de xullo de mil novecentos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Resolución conxunta do 13 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Instituto Galego de Consumo, pola que se publica a selección dos premios de carteis, debuxos e redaccións para escolares de niveis non universitarios sobre a educación do consumidor, en conmemoración do Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

Por Resolución do 20 de febreiro de 1997 (DOG nº 45, do 6 de marzo de 1997), a Consellería da Presidencia e Administración Pública convocou premios de carteis ou debuxos e traballos de redacción sobre a educación do consumidor en conmemoración do Día Mundial dos Dereitos do Consumidor; vista a proposta do xurado relativa á selección dos traballos presentados, efectuada segundo o disposto nas bases 5ª e 6ª, polo xurado mencionado na base 8ª

da citada orde, procede á súa publicación de conformidade con esta. Na súa virtude,

RESOLVEMOS:

Facer pública a selección de premios concedidos para carteis ou debuxos e traballos de redacción presentados de conformidade coa Resolución do 20 de febreiro de 1997, que se relacionan como anexo desta orde.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 1997.

Francisco Gallegos Martínez	José Luís Mira Lema
Presidente do Instituto Galego de Consumo	Director xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

ANEXO**-Modalidade debuxos:**

Título: sen título.

Alumno: compartido entre Noemí López Rouco e Silvia Rodríguez Pérez.

Estudios: 3º educación infantil (5 e 6 anos).

Centro: C.P. Sergude (Boqueixón).

Premio de 125.000 ptas.: 50.000 ptas. para as alumnas e 75.000 ptas. para o centro.

Título: sen título.

Alumno: colectivo.

Estudios: 1º e 2º ciclo de educación primaria (7 anos).

Centro: C.P. Toma Terrón Mendaña-Sobradelo de Valdeorras.

Premio de 150.000 ptas.: 65.000 ptas. para os alumnos e 85.000 ptas. para o centro.

Título: sen título.

Alumno: Mayka Montero Barcala.

Estudios: 1º curso especialidade deseño gráfico (19 anos).

Centro: Escola de Artes Aplicadas Ramón Falcón-Lugo.

Premio de 200.000 ptas.: 90.000 ptas. para a alumna e 110.000 ptas. para o centro.

-Modalidade redaccións:

Título: O consumo e a súa relación co Medio Ambiente.

Alumno: Noelia García Cid.

Estudios: 6º de primaria.

Centro: Colexio Divino Maestro-Ourense.

Premio: 150.000 ptas.: 65.000 ptas. para a alumna e 85.000 ptas. para o centro.

Título: Non estamos indefensos...

Alumno: Pablo Carrillo Sanmartín.

Estudios: 8º de EGB (13 anos).

Centro: C.P. Colegiata de Sar-Santiago de Compostela.

Premio: 175.000 ptas.: 75.000 ptas. para o alumno e 100.000 ptas. para o centro.

Título: O dobre fío do consumismo.

Alumno: Suleika Blanco Couce.

Estudios: 3º FP2 rama administrativa.
 Centro: IFP Betanzos.
 Premio: 200.000 ptas.: 90.000 ptas. para a alumna e 110.000 ptas. para o centro.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 23 de xuño de 1997, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 01/0001128/1997, interposto por José Manuel Viqueira Tojo e outros.

O 17 de xuño de 1997, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria recibe da sección primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a providencia pola que se admite o recurso contencioso-administrativo nº 01/0001128/1997, interposto por Xosé Manuel Viqueira Tojo, José María Duyos Vázquez, José Francisco Nanín Vázquez e José Constantino Baldomir Pego, contra acordo do director xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional da Consellería de Educación, do 7-4-1997, sobre denegación de indemnización de gastos de viaxe e mantemento por asistencia a curso de especialización en educación física.

En consecuencia, esta secretaría xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei do 27 de decembro de 1956, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, modificada pola Lei 10/1992, do 30 de abril, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento de tódalas persoas interesadas no procedemento, e emprázase para que poidan comparecer en autos na sección primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 1997.

Máximo García Serrano
 Secretario xeral da Consellería de Educación
 e Ordenación Universitaria

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 2 de xullo de 1997 pola que se convocan unhas xornadas sobre a responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

A Escola Galega de Administración Pública organiza, en colaboración co Colexio de Avogados da Coruña, unhas xornadas sobre a responsabilidade

patrimonial das administracións públicas, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Acadar un mellor coñecemento sobre os principios determinantes da responsabilidade patrimonial dos entes públicos e as consecuencias dimanantes desta situación, como resultado do funcionamento normal ou anormal dos servicios públicos.

2. Contido.

Trataranse estes temas:

-A necesaria revisión do réxime da responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

-Responsabilidade do Estado lexislador.

-A responsabilidade civil dos concesionarios e contratistas da Administración por danos causados a terceiros.

-A responsabilidade patrimonial da Administración no ámbito sanitario público.

-A responsabilidade subsidiaria das administracións públicas á luz do novo Código Penal.

3. Destinatarios.

Funcionarios da Administración de xustiza e da Administración estatal, autonómica e local; profesionais do dereito, docentes universitarios, xuristas e interesados en xeral.

4. Lugar e datas.

As xornadas convocadas terán lugar os días 22 e 23 de xullo no salón de actos do Colexio de Avogados da Coruña, Pazo de Xustiza, Praza de Galicia, s/n, na Coruña.

A citada actividade abrirase o martes, día 22 de xullo, e rematará o mércores día 23.

5. Inscripción.

-Prazo: remata o luns, día 21 de xullo de 1997.

-Lugar de presentación: no rexistro xeral da EGAP (polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela). Tfno. 54 60 40. Telefax nº 54 63 37.

-Forma: as solicitudes de inscrición faranse por escrito, no modelo oficial que figura ó final destas bases. Serán rexeitadas todas aquelas peticións que non reúnan o dito requisito.

As peticións de admisión poderanse enviar por correo ordinario ou por telefax ó número consignado.

-Inscrición fóra de prazo: só se admitirán, de quedaren prazas baleiras, coa condición de que se cumpran os requisitos xerais antes indicados.

Os peticionarios poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando, a partir do día 21

de xullo, por teléfono de 10.30 a 14.45 horas, ó seguinte número: (981) 54 62 39.

6. Certificación de asistencia.

Entregaráselles ó remate destas xornadas a aqueles asistentes que concorresen asiduamente a estas e

expresarase neste documento a natureza da actividade e as datas da súa realización.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 1997.

Domingo Bello Janeiro

Director da Escola Galega de Administración Pública

FOLLA DE INSCRIPCIÓN

1. SOLICITANTE					
Apelidos		Nome		DNI	
Enderezo particular:					
Rúa	Nº	Localidade	Provincia	CP	Telf.

2. DATOS PROFESIONAIS						
Posto de traballo/Profesión			Corpo, subgrupo ou escala ¹		Nivel ²	
Entidade na que presta servizos ³ :						
Enderezo do posto de traballo:						
Rúa	Nº	Localidade	Provincia	CP	Telf.	Fax

3. ACTIVIDADE SOLICITADA	
Solicita asistir ás xornadas sobre a responsabilidade patrimonial das administracións públicas, que terán lugar no salón de actos do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, sito no Pazo de Xustiza, praza de Galicia, s/n, na Coruña, os días 22 e 23 de xullo de 1997.	
Sinatura	
..... de de 1997	

(1, 2 e 3): Cubrir soamente no caso de ser funcionario.

Director da EGAP. Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15707, Santiago de Compostela (A Coruña)

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 23 de xuño de 1997 pola que se nomea titular de escola universitaria da área de coñecemento de ecoloxía, do departamento de Bioloxía Fundamental, a Carlos Real Rodríguez. (Praza 1420/1996).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por resolución desta universidade, do 30 de xullo

de 1996 (BOE do 28 de agosto de 1996) para a provisión da praza de titular de escola universitaria da área de coñecemento de ecoloxía do departamento de Bioloxía Fundamental da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de Carlos Real Rodríguez, e tendo en conta que o interesado cumpre os requisitos ós que alude o apartado do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro.

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Carlos Real Rodríguez, titular de escola universitaria da área de coñecemento de ecoloxía do departamento de Bioloxía

Fundamental da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 1997.

F. Darío Villanueva Prieto

Rector da Universidade de Santiago de Compostela

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO CINCO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto de poxa (365/1994).

Eu, Ángel Pantín Reigada, maxistrado xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número cinco de Santiago de Compostela.

Fago saber que neste xulgado do meu cargo, e baixo o número 365/1994, se seguen autos de executivo letras de cambio, por instancia do procurador Regueiro Muñoz, en representación de *Macoga Construcciones, S.L.*, contra José López Botana, representado pola procuradora Sánchez Silva, en reclamación de cantidade, actuacións nas que se acordou sacar á venda en primeira e pública poxa, polo termo de vinte días e prezo de valoración pericial, o seguinte predio que se lle embargou ó demandado:

-Parcela nº 692 D da zona de concentración parcelaria de San Miguel dos Agros; terreo de labradío, prado e monte baixo, labrado e sen labrar no sitio do Mariño neste concello de Santiago de Compostela, que ocupa a extensión superficial de 2.657,75 metros cadrados. Inscrito no Rexistro da Propiedade nº 2 de Santiago de Compostela, no tomo 913, libro 550 de Santiago de Compostela, folio 56, predio 40.027, inserción 1ª.

A poxa terá lugar na sala de audiencia deste xulgado, situado na rúa Viena, nº 1-3, 2ª planta, polígono das Fontiñas, o vindeiro día 8 de setembro de 1997, ás 11 horas, segundo as condicións seguintes:

1. O tipo de remate será de 4.969.993 pesetas, sen que se admitan ofertas que non cubran as dúas terceiras partes da devandita suma.

2. Para poder tomar parte na licitación, os licitadores deberán consignar previamente na conta de consignacións deste xulgado no BBV, nº de conta 1592-17-365-94, o vinte por cento do tipo de remate.

3. Poderanse facer ofertas por escrito, en prego pechado, desde o anuncio da poxa ata que teña lugar, depositando na mesa do xulgado, xunto con aquel, o vinte por cento do tipo de remate.

4. Só o acredor poderá face-lo remate en calidade de cederllo a un terceiro.

5. Reservaranse en depósito por instancia do acredor as consignacións dos licitadores que non resultasen rematantes e que o admitan e teñan cuberto

o tipo da poxa, para os efectos de que, se o primeiro adxudicatario non cumprise a obriga, poida aprobarse o remate a favor dos que lle sigan pola orde das súas respectivas ofertas.

6. Os títulos de propiedade, substituídos por certificación do rexistro, atópanse de manifesto na secretaría do xulgado, debendo os licitadores conformarse con eles, sen que poidan esixir outros.

7. As cargas e gravames anteriores e os preferentes, se os houber, ó crédito do demandante, quedarán subsistentes e sen cancelar, entendéndose que o rematante os acepta e queda subrogado na responsabilidade deles, sen que se destine para a súa extinción o prezo do remate.

Para o suposto de que resultase deserta a primeira poxa, sinalase para que teña lugar a segunda o vindeiro día 9 de outubro de 1997, ás 11 horas, en iguais condicións que a primeira, salvante o tipo de remate que será do setenta e cinco por cento do da primeira; no caso de que resulte deserta a devandita segunda poxa, terá lugar unha terceira, sen suxeición a tipo, o día 6 de novembro de 1997, tamén ás 11 horas, rexendo para esta as restantes condicións que se tiñan fixado para a segunda.

Esta publicación sévelle de notificación ó demandado para o caso de que non poida efectuarse no domicilio.

Santiago de Compostela, catro de xuño de mil novecentos noventa e sete.

O maxistrado xuíz
Rubricado

O secretario
Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 25 de xuño de 1997, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa no alugueiro dun inmovible sito na avenida de Lugo, 20 baixo, de Cangas do Morrazo, para situar dependencias da Comunidade Autónoma.

En cumprimento do disposto no artigo 22.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma e 55 de seu regulamento, e á vista

das competencias que teño atribuídas conforme o Decreto 13/1997, do 23 de xaneiro,

RESOLVO:

Facer público que, por razóns das necesidades do servizo e das limitacións do mercado inmobiliario, se xustifica, logo da fiscalización da Intervención Delegada da Consellería de Economía e Facenda e por proposta da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a utilización do procedemento de contratación directa do alugueiro dun inmovible sito na Avda. de Lugo, 20 baixo, de Cangas do Morrazo, para situar dependencias da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 1997.

Emilio Álvarez Rey

Secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda

Resolución do 26 de xuño de 1997, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa no alugueiro de dous chalés na cidade de Lugo, para a realización de prestacións competencia da Comunidade Autónoma.

En cumprimento do disposto no artigo 22.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma e 55 de seu regulamento, e á vista das competencias que teño atribuídas conforme o Decreto 13/1997, do 23 de xaneiro,

RESOLVO:

Facer público que, por razón das peculiaridades dos inmoables, se xustifica, logo da fiscalización da Intervención Delegada da Consellería de Economía e Facenda e por proposta da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, a utilización do procedemento de contratación directa do alugueiro dos chalés sitos nos números 7 e 25 da rúa de Pontevedra, de Lugo, para a realización de prestacións competencia da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 1997.

Emilio Álvarez Rey

Secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda

Cédula do 9 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican comprobacións de valores e liquidacións dictadas polo Servizo de Xestión Tributaria, relativos ós contribuíntes que se citan (Álvarez Fernández, Manuel e dezasete máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificanse os acordos de comprobación de valores e liquidacións complementarias relativas ós contribuíntes e conceptos cos datos e último domicilio coñecido se indica e que foron dictados polo Servizo de Xestión Tributaria en aplicación do artigo 46.1º do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Os prazos para efectuarlo pagamento débada contraída son os sinalados no artigo 20 do Regulamento de recadación aprobados polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, os medios de pagamento establécense nos artigos 23 e seguintes do citado Regulamento de recadación.

Os recursos que se poden interpoñer son: reclamación económico-administrativa perante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, Secretaría Delegada de Vigo, r/ Lalín nº 2, ou o de reposición perante o Servizo de Xestión Tributaria desta delegación territorial, Praza de América nº 1 portal oficinas 2ª planta Vigo, ambos no prazo de 15 días contados desde o seguinte ó da data de publicación desta cédula no DOG. Así mesmo, no mesmo prazo e en corrección dos resultados de comprobación de valores promove-la práctica de taxación pericial contradictoria, o que determinaría a suspensión da liquidación e dos prazos de reclamación contra ela.

Vigo, 9 de xuño de 1997.

Pedro J. Arbolí Albarracín

Delegado territorial de Vigo (Pontevedra)

ANEXO

Contribuínte	Enderezo	Contía	Concepto
Álvarez Fernández Manuel	Avda. Castelaio 87-1º M, Vigo	9.924	Liquid. 600401309211 Exp.23503/94
Anduriña Vigo, S.L. (Presentador: García Barros, Ana Isabel)	Escultor Nogueira, 7 BJ, Vigo	823.141	Liquid. 600502452646 Exp.3475/95
Carrera Novoa José Antonio	Ronda nº4-AT, Vigo	171.560	Liquid.600300720810 Exp. 18927/94
Comesaña Álvarez Carmen	LG Tarrío Coruxo, 4-BJ, Vigo	21.200 9.678 83.943	Liquid.600602477493 Liquid. 600602477495 Liquid. 600602477499 Exp. 8737/96

Contribuínte	Enderezo	Contía	Concepto
<i>Destriz S.A.</i>	Colón 34-1º A, Vigo	147.769	Liquid. 600502494961 Exp. 13016/95
Duarte Costas Ventura	Menéndez Pelayo 35-3º A, Vigo	120.019	Liquid. 600401241449 Exp. 15259/94
Durán Pousada Soledad	Trav ^a de Vigo 200-1º Esq., Vigo	9.076	Liquid. 600401240494 Exp. 13744/94
Estévez Durán Ángel	Rosalía de Castro 45-6º, Vigo	76.515	Liquid. 600401301554 Exp. 19367/94
Francisco Cendón Manuel	Urzaiz nº 189, Vigo	8.211	Liquid. 600502554106 Exp. 20370/95
González Piñeiro Jesús	Regueiro nº 1, Vigo	76.286	Liquid. 600300819111 Exp. 15648/94
<i>Levigo S.A.</i>	Agustín Pérez Bellas-9, Vigo	59.174	Liquid. 600502578010 Exp. 3482/96
Méndez Fernández M.Dolores	Valencia nº 14-2º, Vigo	122.572	Liquid. 600300720809 Exp. 18929/94
<i>Paraguas de Vigo, S.L.</i>	LG Lavadores-Bagunda, Vigo	177.441	Liquid. 600502537523 Exp. 17774/95
Piñeiro Vázquez Manuel	Calvo Sotelo nº 110-3º, Marín	66.471	Liquid. 600401234989 Exp. 15572/94
Rodríguez Boado Manuel	Torrecedeira nº 44-6º A	85.369	Liquid. 600400053225 Exp. 15170/94
Rodríguez Cayazzo José Luis	Canceleiro nº3-4º, Vigo	47.956 4.130	Liquid. 004940000607 Liquid.600300762024 Exp.2708/94
Rodríguez Meiriño Delmiro	LG Bregot nº 7, Ourense	41.729	Liquid. 600401301576 Exp. 19172/94
Salgado Blanco Ricardo	Zamora nº 19-2º B, Vigo	170.988	Liquid. 600101733349 Exp. 8314/92

Cédula do 9 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dicitadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativo ós contribuíntes que se citan (Echegaray Rodríguez, José Ramón e dous máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificanse as liquidacións complementarias relativas ós contribuíntes e conceptos cos datos e último domicilio coñecido que se indica e que foron dicitadas polo Servicio de Xestión Tributaria en aplicación do artigo 52 da Lei xeral tributaria.

Os prazos para efectua-lo pagamento da débeda contraída son os sinalados no artigo 20 do Regu-

lamento de recadación aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro; os medios de pagamento establécense nos artigos 23 e seguintes do citado Regulamento de recadación.

Os recursos que se poden interpoñer son: reclamación económico-administrativa perante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, Secretaría Delegada de Vigo, r/ Lalín 2 ou o de reposición perante o Servicio de Xestión Tributaria desta delegación territorial, Praza América 1-portal oficinas 2ª planta Vigo, ambos no prazo de quince días contados desde o seguinte ó da data de publicación desta cédula no DOG.

Vigo, 9 de xuño de 1997.

Pedro J. Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo (Pontevedra)

ANEXO

Contribuínte	Enderezo	Contía	Concepto
Echegaray Rodríguez J. Ramón	Urzaiz 62-3º I, Vigo	41.857	Liquid. 600602491264 Exp.17497/96
Fernández Val Celia	Hispanidade 90-4º D, Vigo	254.925 50.175	Liquid. 600401233624 Liquid. 600401233683 Exp. 17021/94 Exp. 18005/94
<i>Toxavigo S.L.</i> (Presentador: Suárez Álvarez Nater)	Avda. Castelao 17-10º B, Vigo	21.000	Liquid. 600502487011 Exp. 18158/95

Cédula do 16 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se lles notifica ás persoas que se citan que deberán achega-la documentación requirida polo Servicio de Inspección Tributaria para remata-la tramitación dos expedientes de referencia (Augusta Dias, Alexandrina e cinco máis).

Pola presente cédula notificase, de conformidade co disposto no artigo 59.4º, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relación das persoas cos datos e último domicilio coñecido o que se indica, para que procedan a achega-los documentos requiridos polo Servicio de Inspección Tributaria.

Co fin de ultima-la tramitación dos expedientes que se cita, deberán no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ó da publicación desta cédula no DOG, xunta-la documentación solicitada perante o Servicio de Inspección Tributaria desta delegación territorial, Praza de América, bloque 1-portal oficinas 2º planta Vigo. Transcorrido este sen que se cumpra co trámite, incorrerase nas responsabilidades que por infracción tributaria determinan o artigo 78 da Lei xeral tributaria do 28 de decembro de 1963, modificada pola Lei 25/1995, do 20 de xullo (BOE nº 174, do 22 de xullo), artigo 82.1º e seguintes, con sancións de ata 200.000 pesetas, segundo o citado artigo.

Vigo, 16 de xuño de 1997.

Pedro J. Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo (Pontevedra)

ANEXO

Contribuínte	Enderezo	Documentos
Augusta Dias Alexandrina	Trav. de Vigo 4-1º, Vigo	-DNI -Declaracións, recibos ou cartas de pagamento correspondentes ós impostos obxecto de comprobación. -Certificacións de saldos e extractos e movementos de contas bancarias, así como depósitos de valores desde a data do falecemento, ata un ano antes deste. -Relacións de bens propios e gananciais do falecido José Gómez Carballo. -Declaracións do imposto da renda e patrimonio dos 3 últimos exercicios do causante e herdeiros.
Augusta Dias María	Trav. de Vigo 4-1º, Vigo	-DNI -Declaracións, recibos ou cartas de pagamento correspondentes ós impostos obxecto de comprobación. -Certificación de saldos e extractos e movementos de contas bancarias, así como depósitos de valores desde a data do falecemento, ata un ano antes deste. -Relación de bens propios e gananciais do falecido José Gómez Carballo. -Declaración de imposto da renda e patrimonio dos 3 últimos exercicios do causante e herdeiros.
Augusta Dias Antonio	Trav. de Vigo 4-1º, Vigo	-DNI -Declaracións, recibos ou cartas de pagamento correspondentes ós impostos obxecto de comprobación. -Certificacións de saldos, extractos e movementos de contas bancarias así como depósitos de valores desde a data do falecemento, ata un ano antes deste. -Relacións de bens propios e gananciais do falecido José Gómez Carballo. -Declaracións do imposto de renda e patrimonio dos 3 últimos exercicios do causante e herdeiros.
Constenla Eirín Antonio	Vía Norte 25-6º A, Vigo	-DNI -Declaracións, recibos ou cartas de pagamento correspondentes ós impostos obxecto de comprobación. -Certificacións de saldos, extractos e movementos de contas bancarias así como depósitos de valores desde a data do falecemento, ata un ano antes deste. -Relacións de bens propios e gananciais da falecida Adela Romero Pérez. -Declaracións do imposto de renda e patrimonio dos 3 últimos exercicios do causante e herdeiros.
Gonzaves José Luis	Trav. de Vigo 4-1º, Vigo	-DNI -Declaracións, recibos ou cartas de pagamento correspondentes ós impostos obxecto de comprobación. -Certificacións de saldos, extractos e movementos de contas bancarias así como depósitos de valores desde a data do falecemento, ata un ano antes deste. -Relacións de bens propios e gananciais do falecido José Gómez Carballo. -Declaracións do imposto de renda e patrimonio dos 3 últimos exercicios do causante e herdeiros.

Contribuínte	Enderezo	Documentos
Rodríguez Oliva Elena	Jenaro de la Fuente 14-3º C, Vigo	-DNI -Declaracións, recibos ou cartas de pagamento correspondentes ós impostos obxecto de comprobación. -Certificacións de saldos, extractos e movementos de contas bancarias así como depósitos de valores desde a data do falecemento, ata un ano antes do mesmo. -Relacións de bens propios e gananciais do falecido José Gavilanes Pato. -Declaracións do imposto de renda e patrimonio dos 3 últimos exercicios do causante e herdeiros.

Cédula do 16 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativas ós contribuíntes que se citan (Alonso Fernández, Eva Mª e trinta máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificáanse as liquidacións relativas ós contribuíntes e conceptos cos datos e último domicilio coñecido que se indica e que foron dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria en aplicación do artigo 18 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns. Para comprobación dos valores utilizouse o regulado no artigo 52.1-D da Lei xeral tributaria.

Os prazos para efectua-lo pagamento da débeda contraída son os sinalados no artigo 20 do Regulamento de recadación aprobado polo Real decreto

1684/1990, do 20 de decembro; os medios de pagamento establécense nos artigos 23 e seguintes do citado Regulamento de recadación.

Os recursos que se poden interpoñer son: reclamación económico-administrativa perante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, Secretaría Delegada de Vigo, r/ Lalín, nº 2; ou o de potestativo de reposición perante o Servicio de Xestión Tributaria desta delegación territorial, Praza de América bloque 1 portal oficinas 2ª planta-Vigo, ambos no prazo de quince días contados a partir do seguinte ó da data de publicación desta cédula no DOG. Así mesmo, no prazo establecido para os recursos, poderá promoverse a práctica de taxación pericial contradictoria, a dita solicitude determinará a suspensión do ingreso da presente liquidación e dos prazos de reclamación contra ela.

Vigo, 16 de xuño de 1997.

Pedro J. Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo (Pontevedra)

ANEXO

Contribuínte	Enderezo	Contía	Concepto
Alonso Fernández Eva María	Castrelos-Monte da Serra-105, Vigo	251.042	Liquid. 651400037327 Exp. 472/95
Alonso Villar J. Manuel	r/ Bueu nº 6-3º Iz. Coia, Vigo	239.398	Liquid. 651400000194 Exp. 143/95
Blanco Soriano Ramiro	Purificación Saavedra nº 30, Vigo	9.677.190	Liquid. 002930003599 Exp. 1843/93
Buceta Mourinho Encarnación (Presentador: Tardaguila Montero Francisco Miguel)	Canavilles nº 45, Madrid	290.535	Liquid. 002950002975 Exp. 406/95
Buceta Mourinho Francisca (Presentador: Tardaguila Montero Francisco Miguel)	Dr. Fleming nº 1-4º Esq. Lugo	290.535	Liquid. 002950002976 Exp. 406/95
Comesaña Comesaña María	CR Baiona 65, Nigrán	506.833	liquid. 651400000093 Exp.86/95
Comesaña Costas Mª Luisa	Freixo Valadares 217, Vigo	88.908	Liquid. 651300008497 Exp. 174/95
Chapela Campos Josefa (Presentador: García Villar Mª Elena)	San Paio de Navia-Devesa-1, Vigo	2.113.765	Liquid. 003960000112 Exp. 200/96
Chapela Campos M. Carmen (Presentador: García Villar Mª Elena)	San Paio de Navia-21, Vigo	400.990	Liquid. 003960000113 Expe. 201/96
Enríquez Gómez, Segundo	Rosalía Castro nº 56-3º G, Vigo	425.407	Liquid. 650300053503 Exp. 4/96
Fernández García Mª Isabel	Carrasqueira 152-Coruxo, Vigo	202.875	Liquid. 002950003098 Exp. 500/95

Contribuínte	Enderezo	Contía	Concepto
Fernández García, M ^a Jesús (Presentador: Fernández García M ^a Isabel)	Lopez Mora nº 5-6º D, Vigo	2.682	Liquid. 002950003099 Exp. 500/95
Franco Taboada Arturo	Avd. Linares Rivas nº 40-13º, A Coruña	615.340	Liquid. 651000058171 Exp. 154/96
Gallego Santos M ^a del Pilar	Baixada San Roque nº 69-1º, Vigo	1.067.090	Liquid. 003950000141 Exp. 290/95
Giráldez Miniño Jesús	LG. Baredo nº 14, Baiona	8.009	Liquid. 651400000329 Exp. 2618/94
González Pereira M ^a Mercedes	Romil nº 21-1º Esq., Vigo	560.532	Liquid. 651400000238 Exp. 30/95
Iglesias Molares Adolfo	Torrente Ballester nº 82, Nigrán	1.051.273	Liquid. 651200017955 Exp. 1296/93
Larran Vicente Josefa (Presentador: García Canals Fernando)	Tomás A.Alonso, 237, Vigo	2.390.017	Liquid. 650200244062 Exp. 1128/93
Lorenzo Pérez M. Elena	Cesáreo Vázquez nº 97 CS, Vigo	45.079	Liquid. 651400005758 Exp. 375/95
Míguez Pérez M ^a Consolación	Mestre Chane nº 6-3º I, Vigo	61.554	Liquid. 651800030855 Exp.161/94
Osuna Álvarez Antonia	Fragoso nº 43-6º A, Vigo	212.022	Liquid. 650300169958 Exp. 2606/94
Pérez Graña Rosario	Bembrive Xestoso nº 60, Vigo	984.337	Liquid. 651200017653 Exp. 2236/93
Portela Puche Pablo	Florida 24-10º, Vigo	60.657	Liquid. 650400163778 Exp. 37/95
Requejo Gómez Antonio	Pintor Laxeiro 11-9º C, Vigo	58.553	Liquid. 002950004001 Exp. 662/95
Rial Rodríguez M ^a Magdalena	Rocha Vincios nº 50, Gondomar	157.185	Liquid. 651300008267 Exp. 89/95
Ríos Lampón Jesús M. (Presentador: Otero Rodríguez Ana María)	Norberto Pinjuan nº 11, Boiro	1.208.250	Liquid. 651400040948 Exp. 96/96
Rodríguez Giráldez Esperanza	García Barbón nº 48-4º M, Vigo	53.129	Liquid. 651400037807 Exp. 62/96
Sanromán Collazo Ángeles (Presentador: Costas Lago M ^a Soledad)	AV Valmiñor-Vilameán, Nigrán	2.347.546	Liquid. 651300010177 Exp. 2087/94
Taboas Vilaboa Pablo	PQ Caeiro Cabral, Vigo	630.544	Liquid. 651300008359 Exp. 2318/94
Veiga Domínguez Jose	Cesáreo Vázquez nº 49, Vigo	3.901	Liquid. 003950000396 Exp. 135/95
Vilaboa Moreira Andrea (Presentador: Moreira Gonda M ^a Clotilde)	Luis Taboada nº 17, Vigo	1.316.705	Liquid. 651400000192 Exp. 2517/94

Cédula do 18 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dicitadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativas ós contribuíntes que se citan (Suárez Montes, Ángel e dous máis).

De conformidade co disposto no artigo no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificáanse as liquidacións relativas ós contribuíntes e conceptos cos datos e último domicilio coñecido que se indica e que foron dicitadas polo Servicio de Xestión Tributaria en aplicación dos artigos 9 e 22.1º da Lei 29/1987, do 18 de decembro, e a D.A. 7a. da Lei 29/1991, do 16 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.

Os prazos para efectuarlo pagamento da débeda contraída son os sinalados no artigo 20 do Regu-

lamento de recadación aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro; os medios de pagamento establécense nos artigos 23 e seguintes do citado Regulamento de recadación.

Os recursos que se poden interpoñer son: reclamación económico-administrativa perante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, Secretaría Delegada de Vigo, r/ Lalín, nº 2; ou o potestativo de reposición perante o Servicio de Xestión Tributaria desta delegación territorial, Praza de América bloque 1 portal oficinas 2ª planta-Vigo, ambos no prazo de quince días contados a partir do seguinte ó da data de publicación desta cédula no DOG.

Vigo, 18 de xuño de 1997.

Pedro J. Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo (Pontevedra)

ANEXO

Contribuínte	Enderezo	Contía	Concepto
Suárez Montes Ángel	Torrecedeira nº 60-6º B, Vigo	173.579	Liquid.651300007330 Exp. 59/95
Suárez Jorge Josefina (Presentador: Suárez Montes Ángel)	Torrecedeira nº 60-6º B, Vigo	173.579	Liquid.651300007331 Exp. 59/95
Suárez Jorge Isidro (Presentador: Suárez Montes Ángel)	Torrecedeira nº 60-6º B, Vigo	173.579	Liquid.651300007333 Exp. 59/95

Cédula do 18 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativa a contribuínte Zarauza Ozores, Ana Mª Mercedes.

De conformidade co disposto no artigo no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícanse as liquidacións relativas ós contribuíntes e conceptos cos datos e último domicilio coñecido que se indica e que foron dadas polo Servicio de Xestión Tributaria en aplicación dos artigos 21 e 22.1º da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.

Os prazos para efectua-lo pagamento da débeda contraída son os sinalados no artigo 20 do Regu-

lamento de recadación aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro; os medios de pagamento establécense nos artigos 23 e seguintes do citado Regulamento de recadación.

Os recursos que se poden interpoñer son: reclamación económico-administrativa perante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, Secretaría Delegada de Vigo, r/ Lalín, nº 2; ou o de potestativo de reposición perante o Servicio de Xestión Tributaria desta delegación territorial, Praza de América bloque 1 portal oficinas 2ª planta-Vigo, ambos no prazo de quince días contados a partir do seguinte ó da data de publicación desta cédula no DOG.

Vigo, 18 de xuño de 1997.

Pedro J. Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo (Pontevedra)

ANEXO

Contribuínte	Enderezo	Contía	Concepto
Zarauza Ozores Ana Mª Mercedes	Ramón y Cajal nº 10-CS, Vigo	105.497 105.087 104.709	Liquid.651400006620 Liquid.651400006621 Liquid.651400006625 Exp. 552/95 Exp. 563/1995 Exp. 18/96

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Resolución do 7 de xullo de 1997 pola que se anuncia, trámite de urxencia, a licitación da poxa, polo procedemento aberto, das obras de clave CD/OU/97.3, SV/PO/97.2.

A) Obras.

1. Urbanización travesía Baronzás 3ª fase. (C.V. Xinzo-Vilar de Barrio). Convenio CPTOPV-Deputación de Ourense 15/11/1996.

Clave: CD/OU/97.3.

Orzamento: vintecatro millóns setecentas noventa e unha mil oitocentas sesenta e nove pesetas (24.791.869).

Praza de execución: 8 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría c.

Garantía provisional: 495.837.

2. Mellora da seguridade vial da estrada PO-261. O Covelo.

Clave: SV/PO/97.2.

Orzamento: trinta e cinco millóns duascenas trinta e cinco mil setecentas corenta e sete pesetas (35.235.747).

Prazo de execución: 12 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría c.

Garantía provisional: 704.715.

(Declaradas urxentes consonte o establecido no artigo 72 da Lei de contratos das administracións públicas).

B) Documentos de interese para os licitadores.

O prego de cláusulas administrativas particulares, así como o proxecto, estarán de manifesto e á disposición dos concursantes para o seu exame, durante o prazo de presentación das proposicións, os días e horas hábiles de oficina, na Dirección Xeral de Obras Públicas e Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela.

C) Garantías que se lles esixen ós licitadores.

Esixírase a garantía provisional indicada na alínea A) anterior, agás nos casos establecidos no artigo 36.2º da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, e unha garantía definitiva equivalente o 4% do orzamento de contrata.

A devandita garantía poderá ser presentada na modalidade e polas persoas ou entidades que especifica a lexislación española vixente.

D) Modelo de proposición.

Proposición económica formulada estrictamente conforme o modelo que se xunta ó prego de cláusulas administrativas particulares.

E) Prazo e lugar para a presentación de proposicións.

As proposicións deberán presentarse en sobre pechado no rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda ou enviarse por correo dentro do prazo de admisión sinalado conforme o establecido no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado.

O prazo sinalado das proposicións rematará ás doce horas do décimo terceiro día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

F) Apertura das proposicións.

A apertura das proposicións será realizada pola mesa de contratación a once horas do quinto día natural que non coincida en sábado, domingo ou festivo, contado a partir do último día de presentación de proposicións.

G) Documentos que deben presenta-los licitadores.

Os que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.

O importe do presente anuncio será por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 1997.

P.D. (Orde 13-12-1993)

José Antonio Fernández Vázquez
Secretario xeral da Consellería de Política
Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Cédula do 10 de xuño de 1997, da Delegación Provincial de Pontevedra, de notificación de propostas de resolución de contratos dos procedementos administrativos de desafiuzamento que se seguen nos expedientes de regularización de situación de ocupantes de vivendas de protección oficial de promoción pública PO-23/96 e outro máis.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 26 de novembro), notifícaselles ós interesados que se citan a continuación, dos que o último enderezo coñecido é o da vivenda obxecto de desafiuzamento, proposta de resolución de contrato outorgado entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e os adxudicatarios que se relacionan no anexo, unha vez probado o abandono da vivenda por parte do seu titular e o incumprimento das obrigas inherentes á cualidade de beneficiarios dunha vivenda de protección oficial de promoción pública.

Proposta.

A rescisión e resolución do contrato con base no anteriormente exposto entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e os adxudicatarios relacionados no anexo.

De acordo co artigo 142 do Regulamento de vivendas de protección oficial, concédeselles un prazo de 10 días, para a súa contestación por escrito, no que se formularán as alegacións e proporán as probas que consideren oportunas no seu descargo.

Pontevedra, 10 de xuño de 1997.

José Manuel Iglesias Carrera
Delegado provincial de Pontevedra

ANEXO

Nº expediente desafiuzamento: 23/96.

Adxudicatario: Julián Lareu Graña.

Enderezo: A Salgueira, 85, bloque 23-2º (Vigo).

Expediente construción: PO-803.

Nº expediente desafiuzamento: 27/96.

Adxudicatario: Manuela Torrado Sánchez.

Enderezo: r/ Maceiras, 34, 114-1º H. Vigo.

Expediente construción: PO-832.

Cédula do 19 de xuño de 1997, do Servicio Provincial de Transportes de Ourense, pola que se notifican as resolucións recaídas nos expedientes sancionadores incoados por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente OR-00233-O-97 e catro máis).

Pola presente cédula, notifícase ós denunciados, cos datos e últimos enderezos coñecidos que se sinalan no anexo, as resolucións sancionadoras, dictadas polo delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, recaídas nos expedientes que se citan no anexo.

Fáiselles sabe-lo dereito que os asiste para interpoñeren recurso ordinario, perante o director xeral

de Obras Públicas e Transportes no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da publicación da presente cédula.

En caso de conformidade con estas notificacións deberán facer efectiva a multa mediante transferencia bancaria a favor do Tesouro da Facenda galega, conta restrinxida de recadación de multas e sancións número 13.763.620 da *Caixa Postal de Aforros*, sucursal de Santiago de Compostela.

E para que conste e sirva de notificación, ós citados denunciados, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), expido, asino e selo a presente cédula en Ourense, 19 de xuño de 1997.

Xosé Inacio Palomanes Rodríguez

Xefe do Servicio Provincial de Transportes de Ourense

ANEXO

–Expediente –Matrícula –Denunciante	–Denunciado –Último enderezo coñecido	–Feito denunciado –Data–Hora–Estrada–p.k.	–Precepto infrinxido	–Precepto sancionador	–Sanción imposta
OU-00233-O-97 CU-1900-G G.C. Tráfico 3203/34979533	Lombardo Mena, Rafael Ctra. Madrid-Alicante, 160 Las Pedroñerras 16660 Cuenca	Transportar paquetería, carecendo de tódolos distintivos. Carece deles en ámbolos lados da cabeza tractora. 26-7-1996; 7.25; N-525; 166	Art. 141 C LOTT Art. 199 C ROTT	143 LOTT 201 ROTT	10.000
OU-00238-O-97 VI-0530-B G.C. Tráfico 3201/34950413	Los Ángeles Montoya, Isaac Baro Santo Cristo, s/n 32005 Ourense	Transportar cabalos, carecendo de tarxeta de transportes 27-7-.1996; 8.45; N-525; 222	Art. 141 B LOTT Art. 198 B ROTT	143 LOTT 201 ROTT	25.000
OU-00255-O-97 LE-5406-U G.C. Tráfico 3202/34985732	Vega Jiménez, Francisco J. Barrio Estación, s/n 24491 Ponferrada león	Realizar un transporte privado complementario de mercadorías, carecendo de autorización administrativa. Transporta casetes musicais para venda ambulante. 3-8-1996; 18.50; N-120; 462	Art. 141 B LOTT Art. 198 B ROTT	143 LOTT 201 ROTT	25.000
OU-00351-O-97 CO-9706-V G.C. Tráfico 3201/34934172	Ignacio Novoa, Alfredo Manuel Paredes Estación, s/n As Neves 36440 Pontevedra	Transporta area, carecendo nos distintivos de ámbito local do nome da localidade de residencia do vehículo. 9-9-1996; 11; N-120; 589	Art. 142 C LOTT Art. 199 C ROTT	143 LOTT 201 ROTT	15.000
OU-00391-O-97 OR-9164-O G.C. Tráfico 3203/34961885	Cid Mena, Manuel Escultor Faílde, 3 32004 Ourense	Circular transportando froita, desde Madrid a Ourense, carecendo de tarxeta visado de transportes. leva distintivos nacionais privados de Málaga. 25-9-1996; 19; N-525; 176.5	Art. 142 A LOTT Art. 199 A ROTT	143 LOTT 201 ROTT	15.000

Cédula do 20 de xuño de 1997, do Servicio Provincial de Transportes de Ourense, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente OR-00261-O-97 e tres máis).

Pola presente cédula, notificáseles ós denunciados, cos datos e últimos enderezos coñecidos que se sinalan no anexo, as denuncias que se formularon contra eles. Por ese motivo, iniciáronse, cos números que se indican, os correspondentes expedientes sancionadores que poden dar lugar ás sancións que tamén se citan.

Fáiselles sabe-lo dereito que os asiste de alegaren por escrito perante este Servicio Provincial de Transportes o que consideren conveniente, achegando ou propondo as probas que coiden oportunas, dentro dos quince días hábiles seguintes ó da publicación desta cédula.

E para que conste e sirva de notificación, ós citados denunciados, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), expido, asino e selo a presente cédula en Ourense, 20 de xuño de 1997.

Xosé Ignacio Palomanes Rodríguez
Xefe do Servicio Provincial de Transportes
de Ourense

ANEXO

–Expediente –Matrícula –Denunciante	–Denunciado –Último enderezo coñecido	–Feito denunciado –Data–Hora–Estrada–p.k.	–Precepto infrinxido	–Precepto sancionador	–Sanción proposta
OU-00261-O-97 C-2173-BP G.C. Tráfico 3201/34947507	García Juncal, Juan Carlos Antonio Carballo, 5-2º C 15007 A Coruña	Transportar paquetería en servizo público, con vehículo arrendado, carecendo de autorización de arrendamento sen conductor; neste caso o transporte estaría realizado fóra do radio de acción local (100 km. desde A Coruña). 31-7-1996; 8.20; N-120; 603	Art. 141 O LOTT en Relac. 140 A LOTT Art. 198 P ROTT en Relac. Art. 197 A ROTT	143 LOTT 201 ROTT	50.000
OU-00856-O-97 OR-9606-O G.C. Tráfico 3201/34968522	Mondelo Taboada, José María Pena Redonda, 38 32005 Ourense	Circular transportando paquetería, carecendo da correspondente autorización administrativa (tarxeta de transportes). Leva distintivos de ámbito comunitario público lixeiro. 9-12-1996; 9.45; N-540; 1	Art. 142 B LOTT Art. 199 B ROTT 143 LOTT 201 ROTT		5.000
OU-00968-O-97 PO-4441-Y G.C. Tráfico 3202/34724541	Vidal Cid, Luis María Av. Camelias, 24-6º DR 36211 Vigo Pontevedra	Transportar carbonato cálcico, carecendo da correspondente tarxeta de transporte. 18-12-1996; 17.15; N-120; 472	Art. 140 A LOTT Art. 197 A ROTT	143 LOTT 201 ROTT	250.000 PV 3 meses
OU-00979-O-97 M-3103-SM G.C. Tráfico 3201/34974103	Domínguez García, Ramón Fonte Oscura, Candeán, 10 36317 Vigo Pontevedra	Transportar froita, carecendo da tarxeta de transporte. 19-12-1996; 14.30; N-120; 575	Art. 141 O LOTT en Relac. 140 A LOTT Art.198 P ROTT en Relac. 197 A ROTT	143 LOTT 201 ROTT	50.000

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 26 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se anuncia o extravío dun título de bacharelato.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de bacharelato, a favor de Díaz Bouza, Susana, procédese ó anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 1997.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Centros e Inspección Educativa

Resolución do 26 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de graduado escolar, a favor de Orge Padín, María Esther, procédese ó anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 1997.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Centros e Inspección Educativa

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 17 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Industria, pola que se lle concede a Fondo Formación a cualificación de entidade recoñecida para impartir cursos teórico-prácticos para a obtención de carnés profesionais de instalador autorizado de gas, para categorías IG-I, IG-II e IG-IV.

Vista a solicitude presentada por Félix Bedoya López en representación da empresa Fondo Formación e a documentación anexa, na que solicita que lle sexa concedida a cualificación de entidade recoñecida para impartir cursos de instaladores de gas grupo IG-I, IG-II e IG-IV.

Vista a Orde do 17 de decembro de 1985, pola que se aproban a instrucción sobre documentación e posta en servizo das instalacións receptoras de gas combustible e a instrucción sobre instaladores autorizados de gas a empresas instaladoras (BOE do 9-1-1986).

Ó considerar que se cumpriron os requisitos regulamentarios establecidos, esta Dirección Xeral de Industria,

RESOLVE:

Outorgarlle a Fondo Formación a cualificación de entidade recoñecida para impartir os cursos de formación de instaladores de gas, de conformidade co establecido no capítulo III da Orde do 17 de decembro de 1985, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para impartir os cursos presentará perante a Delegación Provincial de Industria e Comercio da provincia correspondente, fotocopia da presente resolución, táboa de tarefas e programación de cursos previstos.

Para efectos estatísticos e de control presentará nas delegacións provinciais de Industria e Comercio onde exerza a súa actividade, unha memoria anual de actuacións e nesta dirección xeral un resumo delas na Comunidade Autónoma.

Esta autorización deberase renovar ós dous anos, para o que acreditará perante esta Dirección Xeral de Industria e Comercio o cumprimento dos requisitos esixidos na autorización inicial.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 1997.

Joaquín del Moral Crespo
Director xeral de Industria

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Resolución do 16 de xuño de 1997, da Delegación Provincial da Coruña, de notificación do acordo de iniciación do procedemento sancionador de montes 97/049MV.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase á persoa que no anexo se menciona que, con esta data, resolvín publicalo acordo de iniciación do procedemento sancionador que se instrúe, por infracción da Lei de montes, do 8 de xuño de 1957 (BOE nº 151), e ó seu Regulamento do 22 de febreiro de 1962, por non ser posible a súa notificación.

Noméase instructora do procedemento a Paloma Puente Sánchez, funcionaria desta delegación provincial, podendo promover a súa recusación en calquera momento da tramitación do procedemento, se concorre algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución será acordada polo delegado provincial de Agricultura, Gandería e Montes.

O interesado disporá dun prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó de publicación desta notificación, para que poida examinalo expediente na Delegación Provincial desta consellería na Coruña, sita no edificio administrativo de servizos múltiples –Monelos– e para achegar, por escrito, cantas alegacións, documentos, informacións ou proposta de probas coide convenientes en defensa dos seus dereitos.

Conforme o establecido no artigo 13.2 do Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, do 4 de agosto de 1993, de non se efectuar alegacións no prazo anterior, este acordo de iniciación poderá ser considerado proposta de resolución, determinándose, para estes efectos, o importe da sanción.

O pagamento voluntario poralle fin ó expediente. Para efectualo deberá empregalos impresos normalizados que lle serán facilitados nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de servizos múltiples –Monelos– A Coruña.

O que se lle comunica de acordo coa normativa antes citada e co establecido no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo R.D. 1398/1993, do 4 de agosto (BOE nº 189, do 9-8-1993).

A Coruña, 16 de xuño de 1997.

Rogelio Aramburu Núñez
Delegado provincial da Coruña

ANEXO

Procedemento sancionador número: 97/049MV.

Denunciado: García Villalongos, Francisco.
DNI: 14.953.156.

Último enderezo coñecido: r/ Cabo Santiago Gómez nº 8, 2º-H, A Coruña.

Feitos denunciados: ocupación dunha superficie de 93 m³ para colocar un repetidor de Airtel.

Preceptos:

Infrinxido: 410 do Regulamento de montes.

Sancionador: 410 Regulamento de montes.

Sanción: 186.000 ptas.

CONSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL

Corrección de erros.-Resolución do 14 de maio de 1997, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa expediente para a declaración de ben de interese cultural coa categoría de conxunto histórico a favor do núcleo antigo da vila de Castro Caldelas, provincia de Ourense.

Advertidos erros na indicada resolución, publicada no DOG número 106, do 4 de xuño de 1997, cómpre face-la seguinte corrección.

O Pleno do Concello de Castro Caldelas, na súa sesión do 28 de setembro de 1995, acordou o cambio do topónimo de «río Edo» polo de «río Caldelas».

Deste xeito, tódalas referencias que no anexo da resolución indicada (páxina 5.351) se fan ó río Edo deben entenderse feitas ó río Caldelas.

CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

Orde do 18 de xuño de 1997 pola que se aproba o cambio de dominio mortis-causa da batea de cultivo de mexillón denominada H.P. número 1, a favor de Jesús Rey Noya, M^a José Vázquez Sieira e Martín Rey Vázquez.

Visto o expediente de cambio de dominio que a continuación se menciona, instruído para efectos da transmisión da concesión administrativa pertinente e do establecemento que a ampara; tendo en conta que o interesado obtivo a autorización previa prevista no artigo 59 da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia (DOG nº 101, do 31 de maio), e que foi acreditada a transmisión de dereitos invocada e aboado o imposto correspondente.

Esta consellería, en virtude das atribucións conferidas, á vista do informe favorable do Servicio Técnico-Xurídico acordou acceder ó solicitado, proclamando a nova titularidade da concesión e do establecemento que se relaciona a continuación:

Denominación da batea: H.P. nº 1.

Cultivo: mexillón.

Localización: Caramiñal E, cuadrícula 18.

Data da concesión: 26-5-1971.

Data de finalización da última prórroga: 26-5-2001.

Anterior concesionaria: Carmen Trasbach Paz e Luis Castelo Domínguez.

Novo titular da concesión e batea: Jesús Rey Noya, M^a José Vázquez Sieira e Martín Rey Vázquez.

O novo titular queda subrogado nos mesmos dereitos e obrigas do anterior concesionario, así como obrigado ó cumprimento das disposicións legais vixentes que lle sexan aplicables e de rango suficiente.

A Coruña, 18 de xuño de 1997.

P.D. (Orde 27-6-1990)

Jesús Espada Martínez

Delegado territorial da Coruña

Orde do 18 de xuño de 1997 pola que se aproba o cambio de dominio dunha batea de cultivo de mexillón denominada Sinde número 3, a favor de Vicenta Martínez Hermo.

Visto o expediente de cambio de dominio que a continuación se menciona, instruído para efectos da transmisión da concesión administrativa pertinente e do establecemento que a ampara; tendo en conta que o interesado obtivo a autorización previa prevista no artigo 59 da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia (DOG nº 101, do 31 de maio), e que foi acreditada a transmisión de dereitos invocada e aboado o imposto correspondente.

Esta consellería, en virtude das atribucións conferidas, á vista do informe favorable do Servicio Técnico-Xurídico acordou acceder ó solicitado, proclamando a nova titularidade da concesión e do establecemento que se relaciona a continuación:

Denominación da batea: Sinde nº 3.

Cultivo: mexillón.

Localización: Caramiñal E, cuadrícula 118.

Data da concesión: 14-10-1964.

Data de finalización da última prórroga: 30-10-2004.

Anterior concesionario: Miguel Ordóñez Alcalde e Vicenta Martínez Hermo.

Novo titular da concesión e batea: Vicenta Martínez Hermo.

O novo titular queda subrogado nos mesmos dereitos e obrigas do anterior concesionario, así como obrigado ó cumprimento das disposicións legais vixentes que lle sexan aplicables e de rango suficiente.

A Coruña, 18 de xuño de 1997.

P.D. (Orde 27-6-1990)
Jesús Espada Martínez
Delegado territorial da Coruña

Orde do 19 de xuño de 1997 pola que se aproba o cambio de dominio dunha batea de cultivo de mexillón denominada Sendón número 1, a favor de Manuel Lago Mayo e Lourdes Rodríguez Fernández.

Visto o expediente de cambio de dominio que a continuación se menciona, instruído para efectos da transmisión da concesión administrativa pertinente e do establecemento que a ampara; tendo en conta que o interesado obtivo a autorización previa prevista no artigo 59.3 da Lei 6/1993, do 11 de maio, de Pesca de Galicia (DOG nº 101 do 31-5), e no artigo 10 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro (DOG nº 228 do 21-11-1996) e que foi acreditada a transmisión de dereitos invocada e aboado o imposto correspondente.

Esta consellería, en virtude das atribucións conferidas, á vista do informe do Servicio Técnico-Xurídico, acordou acceder ó solicitado, proclamando a nova titularidade da concesión e do establecemento que se relaciona a continuación:

Denominación da batea: Sendón nº 1.

Cultivo: mexillón.

Localización: Muros A, cuadrícula 24.

Data da concesión: 9-3-1981.

Data do remate da última prórroga: 25-4-2001.

Anterior concesionario: Virginia, Joaquín Manuel, M^a del Carmen, M^a del Pilar, Juan Carlos e Mónica Sendón Rama.

Novo titular da concesión e batea: Manuel Lago Mayo e Lourdes Rodríguez Fernández.

O novo titular queda subrogado nos mesmos dereitos e obrigas do anterior concesionario, así como obrigado ó cumprimento das disposicións legais vixentes que lle sexan aplicables e de rango suficiente.

A Coruña, 19 de xuño de 1997.

P.D. (Orde 27-6-1990)
Jesús Espada Martínez
Delegado territorial da Coruña

Resolución do 25 de xuño de 1997, da Delegación Territorial de Celeiro-Viveiro (Lugo), pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación de consultoría e asistencia consistente no servizo de coidado, control, seguimento e información das zonas marisqueiras da costa lucense.

1. Órgano de contratación: Delegación Territorial da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Celeiro-Viveiro (Lugo).

2. Obxecto do contrato: servizo de coidado, control, seguimento e información das zonas marisqueiras da costa lucense.

Nº expediente: LU-1/1997.

3. Orzamento de licitación: nove millóns oitocentas mil pesetas (9.800.000 ptas.), IVE incluído.

4. Garantía provisional: cento noventa e seis mil pesetas (196.000 ptas.).

5. Prazo de execución: cinco meses e medio comprendidos entre a data da sinatura do contrato e o 31 de decembro de 1997, sen prexuízo do establecido no artigo 72.2º c) da Lei 13/1995, do 18 de maio.

6. Procedemento e forma de adxudicación: concurso público, procedemento aberto, trámite de urxencia.

7. Clasificación do contratista: non se esixe.

8. Obtención de documentación e información:

a) Lugares:

-Dirección Xeral de Marisqueo e Acuicultura: edificio administrativo San Caetano, nº 5-2º, Santiago de Compostela. Teléfono: 54 40 69, fax: 54 50 25.

-Delegación Territorial da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura na Coruña, r/ Ramón y Cajal, nº 1-5º (casa do mar), 15006 A Coruña. Teléfono: 18 20 21, fax: 18 20 27.

-Delegación Territorial da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura de Vigo, r/ Palma, nº 4, 36202 Vigo (Pontevedra). Teléfono: 81 71 09, fax: 81 71 02.

-Delegación Territorial da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura de Celeiro: Avda. Ramón Canosa, s/n, 27863 Celeiro-Viveiro (Lugo). Teléfono: 55 17 69, fax: 55 17 68.

b) Data: tódolos días laborables excepto sábados, de 9 a 14 horas, ata o último día de presentación das proposicións.

9. Presentación de ofertas:

a) Lugar: no rexistro da Delegación Territorial da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura de Celeiro (Avda. Ramón Canosa, s/n, 27863 Celeiro-Viveiro) ou por calquera dos modos previstos no

artigo 100 do Regulamento xeral de contratos do Estado.

Cando as proposicións se envían por correo o licitador deberá xustificarlle a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax: (982) 55 17 69 ou telegrama no mesmo día.

b) Prazo: trece días naturais contados desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

c) Documentación que debe presentarse: a que se indica no prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Apertura das ofertas: ás 12 horas do terceiro día natural, que non sexa sábado, contado desde o día seguinte ó de remate do prazo de presentación de ofertas, na sala de xuntas da Delegación Territorial da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura de Celeiro, Avda. Ramón Canosa, s/n, 27683 Celeiro-Viveiro.

11. Gastos do anuncio: o importe deste anuncio será por conta do adxudicatario do contrato.

Celeiro-Viveiro, 25 de xuño de 1997.

Enrique J. Rodríguez González
Delegado territorial de Celeiro-Viveiro (Lugo)

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 6 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de modificación e os novos estatutos da Asociación de Cocineros de la Provincia de A Coruña, que no sucesivo, e en virtude da dita modificación, se denominará Asociación de Cocineros y Pasteleros de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos neste, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral se presentou acta de modificación e os novos estatutos da *Asociación de Cocineros de la Provincia de A Coruña*, que no sucesivo, e en virtude da dita modificación se denominará *Asociación de Cocineros y Pasteleros de Galicia* cambiando, así mesmo, o seu ámbito territorial e domicilio.

Asinan a acta da asemblea xeral extraordinaria na que se recolle o acordo acadado por unanimidade, da modificación xeral de estatutos, José Luis Fanto Rendo (secretario), co visto e prace do seu presidente José González Carballo.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 1997.

Juan Pedrosa Vicente
Director xeral de Relacións Laborais

Resolución do 12 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da Asociación de la Recuperación y el Reciclado de Galicia (Arega).

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral foron depositados a acta de constitución e os estatutos da *Asociación de la Recuperación y el Reciclado de Galicia* que ten os seguintes ámbitos:

Territorial: Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesional: poderán pertencer á devandita asociación as empresas, persoas físicas ou xurídicas que teñan o seu domicilio social e realicen a súa actividade na Comunidade Autónoma, dedicadas á recuperación e reciclado de papel, cartón e derivados téxtiles, dentro da cadea que vai desde a promoción, recollida, selección e comercialización de materiais recuperados de papel, cartón e téxtiles para a súa utilización como materias primas para a fabricación de papel, cartón e produtos reciclados e a manipulación destes produtos ata a súa conversión en produtos de consumo de calquera tipo incluída a súa comercialización.

Asinan a acta de constitución: Luis del Molino García, en representación da empresa *Gama Gallega Medio Ambiente, S.L.*, e dúas persoas máis, en representación doutras tantas empresas.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 1997.

Juan Pedrosa Vicente
Director xeral de Relacións Laborais

Resolución do 4 de xullo de 1997, da Secretaría Xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de procedemento aberto, mediante concurso público e trámite de urxencia, para a subministración e instalación de material informático para diversos órganos xudiciais na Comunidade Autónoma galega.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 97/13/1127.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: subministración e instalación de material informático para diversos órga-

nos xudiciais na Comunidade Autónoma galega, segundo a seguinte división en lotes:

-Lote 1. Informatización dos xulgados de menores e complementación da informatización de diversos órganos xudiciais.

-Lote 2. Informatización das oficinas de rexistro e reparto dos decanatos nas localidades da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra.

-Lote 3. Dotación de material informático para a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

b) Lugar de entrega e instalación: nos correspondentes órganos xudiciais, segundo as instrucións que se lle facilitasen ó adxudicatario.

c) Prazo de entrega: un (1) mes a partir da data de notificación da adxudicación.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación.

-Lote 1. Once millóns trescentas mil pesetas (11.300.000 ptas.).

-Lote 2. Seis millóns catrocentas mil pesetas (6.400.000 ptas.).

-Lote 3. Sete millóns trescentas mil pesetas (7.300.000 ptas.).

Orzamento total: vintecinco millóns de pesetas (25.000.000 de ptas.).

5. Garantía provisional.

O 2% do importe do lote ou lotes ós que se presente o licitador.

-Lote 1. Duascentas vinteseis mil pesetas (226.000 ptas.).

-Lote 2. Cento vinteoito mil pesetas (128.000 ptas.).

-Lote 3. Cento corenta e seis mil pesetas (146.000 ptas.).

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Secretaría xeral.

b) Domicilio: complexo administrativo San Caetano, edificio nº 5, 3ª planta.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15771.

d) Teléfonos: (981) 54 46 42/54 45 17.

e) Telefax: (981) 54 46 96.

f) Data límite para a obtención de documentación e información: a mesma que para a presentación das ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: non.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite da presentación: o prazo comezará o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no DOG e rematará o décimo terceiro día natural, ás 14 horas, agás se o último día fose sábado ou inhábil, caso no que se prorrogará o prazo ó primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas.

c) Lugar de presentación.

Rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, no domicilio indicado no punto 6.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta: tres (3) meses.

9. Apertura das ofertas.

Terá lugar en acto público, na sala de xuntas da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, ás 10.30 horas do sexto día hábil seguinte ó do remate do prazo de presentación das ofertas, agás se o último día fose sábado ou inhábil, caso no que se prorrogará o prazo ó primeiro día hábil seguinte.

10. Gastos do anuncio: serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 1997.

José Antonio Álvarez Vidal

Secretario xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Edicto do 20 de xuño de 1997 polo que se comunica inicio de expediente de incumprimento a Pescados Carmina, S.L., expediente 3/94.2046.0559.N.4012, de subvención ó tipo de xuro de operacións de préstamo/crédito.

De conformidade co establecido no artigo 59.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo presente edicto ponse en coñecemento de *Pescados Carmina, S.L.* titular do expediente 3/94.2046.0559.N.4012 relativo á subvención do tipo de xuro dun préstamo concedido por entidade finan-

Tipo de xuros de demora (segundo Lei 230/1963, xeral tributaria e Lei 25/1995, de modificación parcial da Lei xeral tributaria)

Período	1994	1995	1996	1997
Tipo	11,00%	11,00%	11,00%	9,50%

Edicto do 20 de xuño de 1997 polo que se comunica resolución de incumprimento a Rendo Caldelas, M^a Josefa, expediente 1/93.2091.0330.N.642441, de subvención ó tipo de xuro de operacións de préstamo/crédito.

De conformidade co establecido no artigo 59.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo presente edicto ponse en coñecemento de Rendo Caldelas, M^a Josefa titular do expediente 1/93.2091.0330.N.642441 relativo á subvención do tipo de xuro dun préstamo concedido por entidade financeira prestamista, que con data do 23 de maio de 1997 a Dirección Xeral do Igape acordou resolver:

1. Declarar parcialmente incumpridas as condicións na concesión de subsidiación ó tipo de xuro a empresa Rendo Caldelas, M^a Josefa ó abeiro do convenio de apoio financeiro ás pequenas e medianas empresas suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras para 1993, posto que a beneficiaria non xustificou a realización de investimentos por un mínimo de 10.000.000 de ptas., e en virtude deixar sen efecto a resolución de concesión de subsidiación ó tipo de xuro.

2. De conformidade co disposto no artigo 78.5 da Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia no convenio de apoio financeiro ás pequenas e medianas empresas para 1993 (cláusula 12)

Rendo Caldelas, M^a Josefa deberá reintegrarlle ó Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o seu ingreso na conta de Caixa Galicia nº 2091.0388.3110006317/2, o seguinte importe:

393.634 ptas. correspondente ó importe da subvención percibida indebidamente.

94.205 ptas., en concepto de xuros devengados polas cantidades indebidamente percibidas desde o momento do seu aboamento.

Total que hai que reintegrar: 487.839 ptas.

O detalle da liquidación que hai que reintegrar incorpórase a esta resolución como anexo.

En caso de recibir esta notificación entre os días 1 e 15 do mes, terá prazo para ingresa-la citada cantidade ata o día 5 do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior; no caso de recibila entre os días 16 e último de mes, terá de prazo de ingreso ata o día 20 do mes seguinte ou inmediato hábil posterior.

As débedas non satisfeitas nos períodos citados esixiranse en vía de constrinximento, computándose se é o caso como pagamentos a conta as cantidades pagadas fóra de prazo.

Contra esta resolución, que non lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso administrativo ordinario perante o conselleiro de Economía e Facenda no prazo dun mes (artigos 107 e 114 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común); transcorridos tres meses desde a interposición deste sen que recaía resolución, poderá entenderse desestimado, quedando aberta a vía xurisdiccional perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 1997.

Diego Diz Fernández

Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Anexo da resolución de declaración de incumprimento en aplicación de cantidades percibidas como subsidiación ó tipo de xuro e reclamación do percibido indebidamente

Entidade/titular: Rendo Caldelas M^a Josefa.

Nº expediente: 1/93.2091.0330.N.642441

Liquidación de xuros e principal ata data de resolución

Data cobramento	Diferencia subvención	Días 94	Días 95	Días 96	Días 97	1994	1995	1996	1997	Total
20-abr-94	30.430	255	365	336	143	2.339	3.347	3.356	1.133	10.175
26-xul-94	61.250	158	365	366	143	2.917	6.738	6.756	2.280	18.690
4-nov-94	60.375	57	365	366	143	1.037	6.641	6.659	2.247	16.585
8-feb-95	60.375	0	326	366	143	0	5.932	6.659	2.247	14.838
9-xuñ-95	61.250	0	205	366	143	0	3.784	6.756	2.280	12.820

Data cobramento	Diferencia subvención	Días 94	Días 95	Días 96	Días 97	1994	1995	1996	1997	Total
31-ago-95	61.250	0	122	366	143	0	2.252	6.756	2.280	11.288
27-out-95	58.704	0	65	366	143	0	1.150	6.475	2.185	9.810
Total principal	393.634									
Total xuros						6.292	29.844	43.418	14.651	94.205
Total que hai que ingresar										487.839

Tipo de xuro de demora (segundo Lei 230/1963, xeral tributaria e Lei 25/1995, de modificación parcial da Lei xeral tributaria).

Período	1991 ó 93	1994	1995	1996	1997
Tipo	12,00%	11,00%	11,00%	11,00%	9,50%

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 23 de xuño de 1997 pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas dos expedientes de contratación que se citan.

Concurso: 1/97.

Nº expediente: 1002/97.

Subministración de referencia: material informático E.U. Politécnica.

Data de adxudicación: 18-3-1997.

Empresa adxudicataria: *GF Mobiliario para Oficinas, S.L.*

Importe de adxudicación: 8.903.537 ptas.

Concurso: 1/97.

Nº expediente: 1004/97.

Subministración de referencia: mobiliario aulas E.T.S. Arquitectura.

Data de adxudicación: 21-5-1997.

Empresa adxudicataria: *Tecam Oficinas, S.A.*

Importe de adxudicación: 12.571.797 ptas.

Concurso: 2/97.

Nº expediente: 4001/97.

Servicio de referencia: servicio de limpeza Facultade de Filoloxía.

Data de adxudicación: 12-5-1997.

Empresa adxudicataria: *Samyl, S.L.*

Importe de adxudicación: 13.870.000 ptas.

Concurso: 2/97.

Nº expediente: 4003/97 (lote 1).

Servicio de referencia: seguridade Campus A Coruña. Rectorado.

Data de adxudicación: 14-5-1997.

Empresa adxudicataria: *Seguridade Galega, S.A.*

Importe de adxudicación: 67.398.143 ptas.

Concurso: 2/97.

Nº expediente: 4003/97 (lote 2).

Servicio de referencia: seguridade Campus Ferrol. Rectorado.

Data de adxudicación: 14-5-1997.

Empresa adxudicataria: *Escudo, Vigilancia y Seguridad, S.A.*

Importe de adxudicación: 20.102.846 ptas.

Concurso: 2/97.

Nº expediente: 4004/97.

Servicio de referencia: servicio de comedor Pavillón Estudiantes. Campus Elviña.

Data de adxudicación: 14-5-1997.

Empresa adxudicataria: *Riscosme, S.L.*

Concurso: 2/97.

Nº expediente: 2001/97.

Servicio de referencia: mantemento equipos informáticos. Rectorado.

Data de adxudicación: 20-5-1997.

Empresa adxudicataria: *IVM.*

Concurso: 2/97.

Nº expediente: 2031/97 (lote 2).

Servicio de referencia: mantemento xardíns Campus Elviña. Rectorado.

Data de adxudicación: 20-5-1997.

Empresa adxudicataria: *Eulen, S.A.*

Importe de adxudicación: 7.800.000 ptas.

José María Pujalte Giménez
Xerente da Universidade da Coruña

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA ESTRADA

Anuncio de contratación por poxa, procedemento aberto, das obras de reforma e acondicionamento da praza de Martínez Anido e o seu contorno.

Entidade adxudicadora: Concello da Estrada.

Dependencia que tramita o expediente: secretaría.
Objeto do contrato: a reforma e acondicionamento da praza de Martínez Anido da Estrada, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Manuel

Pichel Pichel. Prazo de execución: cinco meses.

Tipo de licitación: 22.921.855 ptas., á baixa.
Garantía provisional: 2%. Garantía definitiva: 4%.

Obtención de documentación e información chamando ó Concello da Estrada, teléfono 57 01 65, extensión 15.

Presentación de ofertas: no rexistro xeral das 9 ás 13 horas, nos vinteseis días naturais seguintes ó da publicación deste anuncio no DOG. De ser sábado trasladaríase ó día seguinte hábil.

Documentos que hai que presentar:

Sobre 1. Coa inscrición «Proposición para tomar parte na poxa de reforma e acondicionamento da praza Martínez Anido e contorno», «Documentación», conerá: modelo de proposición; documento xustificativo da persoalidade do licitador; declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, conforme os artigos 15 ó 20 da Lei 13/1995; xustificante de ter constituída a fianza provisional; xustificante de alta no I.A.E.; xustificante da solvencia económica e financeira a que se refiren os artigos 15 e seguintes da Lei 13/1995; xustificante da clasificación do contratista no grupo G, subgrupo 6, categoría D; xustificante de estar ó corrente nas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Sobre 2. Coa inscrición «Oferta económica», adaptada ó modelo.

Apertura de ofertas, ás 12 horas do día seguinte hábil ó último sinalado para a presentación, de ser sábado trasladaríase ó primeiro día hábil seguinte.

Gastos de anuncios, por conta do adxudicatario.

A Estrada, 23 de xuño de 1997.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE MUGARDOS

Convocatoria.

No BOP da Coruña, do día 19 de xuño de 1997, publicáronse as bases para a contratación laboral indefinida dunha praza de conserxe-vixilante-limpador/a da pista cuberta municipal. Nivel de titulación esixido: certificado de escolaridade ou equivalente.

As instancias nas que se solicita tomar parte no procedemento selectivo poderán presentarse no rexistro xeral deste concello ou por medio das demais formas previstas na lexislación reguladora do procedemento administrativo, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ó da publi-

cación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*, debendo achegar a estas xustificantes do ingreso da cantidade de 1.000 ptas. en concepto de dereitos de exame.

Mugardos, 23 de xuño de 1997.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE OLEIROS

Anuncio (FG-260).

Por decreto desta alcaldía nº 2701/1997 con data do 5 de xuño de 1997, acordouse aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da UE nº 28, en Portonaval-Aguieira-Dorneda (Oleiros), tramitado por Sandra Ortega Mera. Acordouse, así mesmo, proceder á exposición pública do expediente polo prazo dun mes, que computará desde a derradeira publicación (DOG ou prensa). Durante o dito prazo o expediente quedará á disposición de todo aquel que queira examinalo, podéndose face-las alegacións pertinentes. O expediente poderase examinar nas oficinas municipais de Urbanismo, de 9 a 13 horas, tódolos días laborables.

Oleiros, 18 de xuño de 1997.

Esther Pita Pita
Alcaldesa-presidenta

Anuncio (FG-264).

Por decreto desta alcaldía nº 2700/1997 con data do 3 de xuño de 1997, acordouse aprobar inicialmente a delimitación do polígono 1) dentro da área do SUNP B-21-R, do PXMO, en Icaria, Montrove-Liáns, tramitado por el *El Freixo e El Ameneiro, S.L.* Acordouse, así mesmo, proceder á exposición pública do expediente polo prazo de vinte días, que computará desde a derradeira publicación (DOG ou prensa). Durante o dito prazo o expediente quedará á disposición de todo aquel que queira examinalo, podéndose face-las alegacións pertinentes. O expediente poderase examinar nas oficinas municipais de Urbanismo, de 9 a 13 horas, tódolos días laborables.

Oleiros, 18 de xuño de 1997.

Esther Pita Pita
Alcaldesa-presidenta

Números de teléfono do *Diario Oficial de Galicia*



Teléfonos: 544268 — 544270
Fax: 544272 — 544273